# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# CURSO 2020 – 2021

# DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

# IES Nº 1. RIBEIRA

## Táboa de contido


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020 – 2021 .......... 1

1. INTRODUCIÓN ECONTEXTUALIZACIÓN .......... 1

EQUIPAMENTO E SERVIZOS DOCENTRO .......... 2

-Aula de Debuxo Técnico e aula de Educación Plástica. .......... 3

-Pavillón polideportivo. .......... 3

RELACIÓN DO PROFESORADO DODEPARTAMENTO .......... 3

MATERIAL DO DEPARTAMENTO E LIBROS DETEXTO .......... 4

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .......... 5

3. OBXECTIVOS XERAIS .......... 8

4. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DOS DIFERENTESCURSOS .......... 11

LINGUA GALEGA E LITERATURA 1ºESO .......... 11

Obxectivos .......... 11

- Organización e secuenciación dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliables e competencias clave nas unidades docurso. .......... 12
- Contidos das unidades. .......... 27
- Temporalización .......... 32
- Grao mínimo de consecución para superar a materia .......... 32

4. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DOS DIFERENTES CURSOS .......... 33

- Organización e secuenciación dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliables e competencias clave nas unidades docurso. .......... 34

Contidos das unidades. .......... 49

- Temporalización .......... 52
- Grao mínimo de consecución para superar amateria .......... 52

4. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DOS DIFERENTES CURSOS ........ 53

- Organización e secuenciación de contidos e estándares de aprendizaxe avaliables ........ 54

CONTIDOS ........ 54

Falar ........ 54

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir Ler ........ 55

Escribir ........ 55

Bloque 3. Funcionamento da lingua ........ 55

Bloque 4. Lingua esociedade ........ 56

Bloque 5. Educación literaria ........ 57

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ........ 57

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir ........ 59

Bloque 3. Funcionamento da lingua ........ 62

Bloque 4. Lingua e sociedade ........ 63

Bloque 5. Educación literaria ........ 65

- Contidos das unidades, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliables e competenciasclave. ........ 66

Unidade 1 ........ 67

- Grao mínimo de consecución para superar amateria ........ 79

4. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DOS DIFERENTES CURSOS ........ 80

LINGUA GALEGA E LITERATURA 4ºESO ........ 80

Organización e secuenciación de contidos e estándares de aprendizaxe avaliables ........ 81

CONTIDOS ........ 81

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir ........ 82

Bloque 3. Funcionamento da lingua ........ 83

Bloque 4. Lingua e sociedade ........ 84

Bloque 5. Educación literaria ........ 84

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DEAPRENDIZAXE Bloque 1. Comunicación oral: escoitar efalar ........ 85

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir ........ 87

Bloque 3. Funcionamento da lingua ........ 90
Bloque 4. Lingua e sociedade ........ 92
Bloque 5. Educación literaria ........ 94
- Temporalización ........ 95
- Grao mínimo de consecución para superar amateria ........ 96

4. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DOS DIFERENTES CURSOS ........ 96

LINGUA GALEGA E LITERATURA 1º DEBACHARELATO ........ 96
- Organización e secuenciación de contidos e estándares de aprendizaxe avaliables ........ 97

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir. ........ 97
Bloque 3. Funcionamento da lingua........ 98
Bloque 4. Lingua e sociedade. ........ 99
Bloque 5. Educación literaria. ........ 99
- Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe e relación coas competenciasclave. ........ 100

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir ........ 103
Bloque 3. Funcionamento da lingua ........ 105
Bloque 4. Lingua e sociedade ........ 107
Bloque 5. A literatura. ........ 109
- Temporalización ........ 111

PRIMEIRA AVALIACIÓN........ 111
SEGUNDA AVALIACIÓN........ 111
TERCEIRA AVALIACIÓN ........ 112
Grao mínimo de consecución para superar amateria ........ 112

4. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DOS DIFERENTES CURSOS ........ 112

LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º DEBACHARELATO ........ 112
Organización e secuenciación de contidos e estándares de aprendizaxe avaliables ........ 113
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir. ........ 113
Bloque 3. Funcionamento da lingua........ 114
Bloque 4. Lingua e sociedade. ........ 114
Bloque 5. Educación literaria. ........ 114

Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe e relación coas competenciasclave. ................115

- Temporalización ..........125

Grao mínimo de consecución para superar a materia ..........126

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS ..........126

3. Deben potenciarse as relacións entre as aprendizaxes previas e asnovas. ..........128

2. O ensino da lingua implica a exercitación dos procesoscognitivos complexo comprensión e produción. Ao ser inseparables estes procesos da comunicación oral e escrita, a metodoloxía para a materia propicia e necesita da realización de actividades moi vencelladas ao cognitivo: busca da idea central, xerarquización de ideas, organización lóxica do discurso, etc. ..........128

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ..........130

LIBROS DE LECTURA ..........130

1º ESO ..........130

2º ESO ..........131

3º ESO ..........131

4º ESO ..........131

BACHARELATO ..........131

7. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN EPROMOCIÓN DO ALUMNADO ..........133

ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO (1º e 2º DEESO) ..........133

Criterios de cualificación ..........134

CUALIFICACIÓN =Ax0,6+Bx0,2+Cx0,1+Dx0,1. ..........136

Probas derecuperación ..........136

Avaliación final ordinaria de xuño ..........136

Avaliación final extraordinaria desetembro ..........137

ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO (3º E 4º DEESO) ..........137

Criterios de cualificación 3ºESO ..........138

4ºESO ..........140

CUALIFICACIÓN = Ax0,8+Bx0,1+Cx0,1. ..........142

Probas derecuperación ..........142

Avaliación final ordinaria dexuño ..........142

Avaliación final extraordinaria desetembro ..........143

BACHARELATO (1º E 2º DE BACHARELATO) ..........143

IMPORTANTE ..........143

Criterios de cualificación ........................................................................................... 145
CUALIFICACIÓN = Ax0,8+Bx0,1+Cx0,1. ........................................................................... 146
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICADOCENTE ......... 148
a) Planificación: ......................................................................................................... 148
b) Motivación do alumnado: ....................................................................................... 148
c) Desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe: ................................................... 148
d) Seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe: ........................................... 149
9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES NA ESO ........................................................................................ 149
PROCEDEMENTOS PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES ..................................... 149
10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO DE BACHARELATO ACADAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS .................................. 150
PROCEDEMENTOS PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES ..................................... 150
11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS ............................................................. 150
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .................................................................... 151
PROGRAMAS DE MELLORA DO APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO ........................................... 151
REFORZO EN 1ºESO ................................................................................................ 153
AGRUPAMENTO EN 2ºESO ......................................................................................... 153
13. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN ..................................... 154
- Educación para a Saúde e a Calidade deVida ....................................................... 154
- EducaciónAmbiental ................................................................................................ 154
- EducaciónSexual ..................................................................................................... 154
- Educación do Consumidor ........................................................................................ 154
- Educación para oLecer ............................................................................................ 155
- EducaciónViaria ...................................................................................................... 155
- O mundo do traballo e as relaciónslaborais ................................................................ 155
- Educación Ética e Cívica ........................................................................................... 156
- Educación para aPaz ................................................................................................ 156
- Educación para a Igualdade entre osSexos ................................................................. 156
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EEXTRAESCOLARES ........................................................ 156
15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DEMELLORA ...................................... 157

16. PROGRAMACIÓN DA ESA.......158
Introdución.......158
Obxectivos.......159
Criterios deavaliación.......160
Avaliación.......161
Criterios específicos de cualificación:.......162
Contidos educativos do Módulo 3 e o Módulo 4.......162
UNIDADE 5: A COMUNICACIÓN PROFESIONAL.......164
17. SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRAPORTUGUÉS. 3º ESO.......167
Introdución.......167
Contidos, estándares de aprendizaxe e competenciasbásicas.......167
Presentamos os contidos do curso distribuídos nas unidades didácticas 1 a 4.......168
Bloque 2. Produción de textos orais.......175
Bloque 3. Comprensión de textos escritos.......176
Bloque 4. Produción de textos escritos.......176
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe.......176
1. Concreción de mínimos esixibles.......177
2. Comprensión de textos orais.......177
3. Produción de textos orais.......177
4. Comprensión de textos escritos.......178
5. Produción de textos escritos.......178
6. Coñecemento da lingua e conscienciaintercultural.......178
7. Criterios de cualificación.......179

## 1. INTRODUCIÓN ECONTEXTUALIZACIÓN

Vivimos nun contexto plurilingüe e nunha sociedade multicultural que nos proporciona gran cantidade de información a través de diversas canles. Por iso, e tendo en conta a cooficialidade de linguas na nosa autonomía, debemos formar cidadáns e cidadás que sexan quen de se integraren neste contexto manexando as destrezas necesarias para recibir, comprender, analizar e interpretar de xeito crítico a información. As linguas son, ademais, o instrumento básico da comunicación e da aprendizaxe, así que é imprescindible que o alumnado saiba expresarse e comprender oralmente e por escrito o contido dunhamensaxe.

É tamén un obxectivo prioritario coñecer e apreciar a nosa cultura como punto de partida para achegarse ao mundo, así como asentar o pracer pola lectura, e non é menos importante achegarse aos condicionantes históricos e sociais da nosa lingua e ás súas variedades xeográficas, peculiaridades fonolóxicas e fonéticas e aos usos sociais.

A todo o anterior hai que engadir o manexo das diversas fontes de información e a capacidade do alumnado para desenvolver a súa autonomía persoal no eido da comunicación e da cultura, polo que é fundamental, na ESO, centrármonos nas destrezas básicas para acadar a corrección expresiva, oral e escrita. Para iso cómpre dominar a ortografía, a fonoloxía, a gramática e o vocabulario básico da nosa lingua e tamén dominar a lectura comprensiva e crítica e coñecer a historia e as variedades do galego.

Nesta etapa de ensino obrigatorio non podemos esquecer o crecente número de alumnado inmigrante para o que arbitraremos materiais e medidas específicas centradas no desenvolvemento da súa capacidade comunicativa. Tamén se recollen na programación as medidas de atención á diversidade.

Poñeremos especial interese na programación de actividades que favorezan a integración e a participación do alumnado en colaboración co equipo directivo, o equipo de dinamización da lingua galega, o equipo de biblioteca e o equipo organizador da Semana Cultural(este curso moi dependente da evolución da pandemia), integrando así co coñecemento académico a educación en valores, a formación cultural e o desenvolvemento persoal.

Polo que se refire ao Bacharelato, esta programación céntrase no enriquecemento da capacidade comunicativa do alumnado e na ampliación dos seus saberes lingüísticos, sociolingüísticos, discursivos e literarios.

## EQUIPAMENTO E SERVIZOS DOCENTRO

O IES Nº1 está situado na localidade de Ribeira, na zona máis occidental de Galicia. A situación xeográfica do municipio favorece algúns condicionantes, como é o feito de que a contorna achega gran variedade de recursos sanitarios, culturais, actividades deportivas e de lecer, servizos sociais, etc. Unha boa parte da poboación exerce a súa actividade ao redor da pesca, industrias e actividades afíns e no pequeno comercio.

No Centro, que conta cun elevado número de alumnos e alumnas, impártense os seguintes ensinos: ESO, Bacharelato, ESA, Bacharelato de Adultos . Ademais dos ensinos impartidos no noso centro, parte do profesorado encárgase de impartir os módulos comúns da Formación Profesional Básica no CIFP de Coroso.

O organigrama do centro presenta unha estrutura organizativa que inclúe Órganos de Goberno Colexiados (Consello Escolar e Claustro de Profesores) e Unipersoais (Director, Xefe de Estudos de diúrno/Xefa de Estudos de nocturno, Vicedirectora e Secretaria). Outros Órganos son os Departamentos, o Departamento de Orientación, os Titores, as Xuntas de Avaliación e a Xunta de delegados de curso.

O Claustro de profesores está composto por un amplo elenco de profesores, a meirande parte deles con destino definitivo. A estabilidade laboral do profesorado é unha característica que define oCentro.

As familias dos nenos e nenas escolarizados son, fundamentalmente, de clase traballadora. Nunha alta porcentaxe delas traballan tanto os pais coma as nais. No que respecta ao alumnado con problemas de adaptación e aprendizaxe, aparecen tres grupos claramente diferenciados: alumnos con leves problemas de aprendizaxe, alumnos con serias dificultades de aprendizaxe (con diferentes problemas e baixo nivel de competencia curricular que esixen un tratamento específico na adquisición das habilidades instrumentais básicas) e alumnos con problemas de adaptación social eescolar.

O IES Nº1 de Ribeira dispón dos seguintes recursos espaciais:

-**Biblioteca.** Dotada de libros de consulta e lectura, con capacidade para unhas 70 persoas, en condicións normais. Este curso reducíronse as subscricións, como consecuencia das restricións debidas ás medidas sanitarias. Consta, ademais, de ordenadores con conexión a Internet, para o seu emprego como ferramenta didáctica. Está dividida en seccións: de traballo, de lectura, de andeis e de ordenadores. Unha parte será utilizada como "Aula de convivencia", xa que o espazo destinado a este uso converteuse no espazo Covid.

-As **aulas están dotadas con material específico** como ordenador con acceso a internet, canón, pantalla, taboleiros...E todas as medidas hixiénicas esixidas pola pandemia.

-Dúas **aulas de informática** equipadas con ordenadores con acceso a Internet.

-**Aula de tecnoloxía** equipada con ordenadores con acceso a Internet.

-A que era Aula de música reconverteuse en aula normal por necesidades de espazo durante este curso.
-**Laboratorios** de Física, Química e Ciencias Naturais.
-**Aula de Debuxo Técnico** e **aula de Educación Plástica**.
-**Departamento de Orientación**: unha Orientadora edous PTs,  encárganse de dar apoio no proceso de ensino- aprendizaxe, centrado na atención á diversidade, asesoramento e apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais, orientación académica e profesional...Están pendentes máis recursos para este departamento de ser concedido o programa Arco.
-**Salón de actos**, cunha capacidade para unhas 80 persoas e dotado de canón, pantalla, ordenador, vídeo, sistema de megafonía e equipo de música.
-**Pavillón polideportivo**.
-**Servizo de reprografía e informática**.
-Servizo de **cafetería**.
-O centro conta con **accesibilidade de alumnado con minusvalías**, dúas **pistas polideportivas**, **patio, xardín** e **patio cuberto**.

## RELACIÓN DO PROFESORADO DODEPARTAMENTO

O Departamento de Lingua Galega e Literatura está composto polos seguintes membros, seis deles con destino definitivo no IES Nº 1:

- María de la Concepción Prado Baña (Xefa deDepartamento)
- María Cristina AndradeGonzález
- María do Carme PallaresLeal
- Francisco Eduardo Cabañas Díaz
- María Dolores Calo
- María del Carmen PazosBalado
- Carme Fernández García
- Javier García Torea
- Mª Begoña Rico López

O presente curso corresponde a este departamento impartir as seguintes materias:

- Lingua galega e Literatura 1º ESO (4 grupos e 4 reforzos educativos): Javier García Torea (1º A e D), Mª Begoña Rico López (1º B e C), Carmen Pazos Balado (Ref. 1º D) e Carme Fernández García (Ref. 1º A, B e C).
- Lingua galega e Literatura 2º ESO (4 grupos): Carme Fernández García (2º A, B, C e D) e Mª Concepción Prado Baña (2º E).
- Ámbito socio-lingüístico de Agrupamento 2º ESO (1 grupo): Mª Concepción Prado Baña (2º E).

- Lingua galega e Literatura 3º ESO (3 grupos): María del Carmen Pazos Balado (3º B e C) e Carme Fernández García (3º A)
- Ámbito socio-lingüístico de PMAR 3º ESO (1 grupo): Francisco Cabañas Díaz.
- Lingua galega e Literatura 4º ESO (4 grupos): María do Carme Pallares Leal (4º A) e Carme Pazos Balado (4º B, C e D).
- Lingua galega e Literatura 1º BAC (4 grupos): María do Carme Pallares Leal.
- Lingua galega e Literatura 2º BAC (4 grupos): Concepción Prado Baña (2º A e B) e Francisco Eduardo Cabañas Díaz (2C e D).
- Ámbito de comunicación da ESA (1 grupo): María Cristina AndradeGonzález.
- Lingua galega e Literatura 1º BAC Adultos (2 grupos): MaríaCristina Andrade González.
- Lingua galega e Literatura 2º BAC Adultos (2 grupos) María Cristina Andrade González.
- Ámbito Lingüístico Social da FP Básica (4 grupos): Javier García Torea (2 grupos) e Mª Begoña Rico López (2grupos).
- Segunda Lingua Estranxeira Portugués 3º ESO (1 grupo), 2º ESO (1 grupo) e 1º ESO (1 grupo): María Dolores CaloGarcía.
- Latín 4º ESO (1 grupo): María do Carme PallaresLeal.

**MATERIAL DO DEPARTAMENTO E LIBROS DETEXTO**

O Departamento dispón de variado material didáctico (libros de texto e exercicios, dicionarios, cadernos), libros de lectura e material multimedia para utilización do profesorado e do alumnado. Amais deles, úsanse outros recursos cos que conta o centro relacionados coas TIC, co Proxecto Lector e con outros equipos dinamizadores do centro.
En todos os niveis da ESO emprégase libro de texto. En 1º e 2º ESO traballamos co proxecto EDIXGAL. En 3º e 4º ESO continuamos cos mesmos libros de texto de cursos anteriores: *Lingua galega e literatura 3º ESO* e *Lingua galega e literatura 4º ESO* da Editorial Anaya. No Ámbito Sociolingüístico de 2º e 3º empréganse cadernos e material elaborado polo profesorado. En 1º de Bacharelato emprégase o libro: *Lingua galega e literatura 1º Bacharelato* de Baía Edicións. En 2º de Bacharelato emprégase material elaborado polo profesorado.

Este ano incorpórase o uso da aula virtual en todos os niveis, como prevención dunha posible situación de confinamento, o cal non impide a utilización do anteriormente dito.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O Decreto 86/2015 establece as seguintes competencias clave do currículo: Comunicación lingüística (CCL), Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT), Competencia dixital (CD), Aprender a aprender (CAA), Competencias sociais e cívicas (CSC), Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Na área de Lingua Galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo énfase nos descritores máis afíns á área.

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía* (CMCT)
Desde a área de Lingua Galega e Literatura desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización e a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.
Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vidafutura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidadecircundante.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vidacotiá.

*Comunicación lingüística* (CCL)

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; por tanto, poderiamos incluír calquera dos descritores desta competencia. Porén, e dado que se explicitan nas unidades segundo a relevancia que teñen en cada unha delas, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade.
Destacamos, pois, os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación ecoherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor…
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situaciónscomunicativas.

*Competencia dixital* (CD)

A área de Lingua Galega e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un piar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas.
Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca deinformación.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súafiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios decomunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción decoñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso dastecnoloxías.

*Conciencia e expresións culturais* (CCEC)

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área un ámbito perfecto para adestrar a competencia.
Traballamos, por tanto, os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seudesenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal ecultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigosartísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

*Competencias sociais e cívicas* (CSC)

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento

das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Galega e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo destacompetencia.

Para iso, adestraremos os seguintes descritores:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unhaconstitución.

- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballoe para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participaciónestablecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintosvalores.

*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor* (CSIEE)

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metasestablecidas.
Os descritores que priorizaremos son:

- Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezaspropias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar contadelas.
- Ser constante no traballo, superando asdificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades datarefa.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas etempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dotema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución deobxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover acciónsnovas.

*Aprender a aprender* (CAA)

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/-a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, Lingua Galega e Literatura préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

Traballanse os seguintes descritores de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas…
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor daaprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos deaprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa doscontidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultadosintermedios.
- Tomar conciencia dos procesos deaprendizaxe.

## 3. OBXECTIVOS XERAIS

A **Educación Secundaria Obrigatoria** contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadaníademocrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvementopersoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra amuller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente osconflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e acomunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumirresponsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo daliteratura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas domundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorara dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión erepresentación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidadelusófona.

O **Bacharelato** contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galicia,así como polos dereitos humanos, quefomente

acorresponsabilidadena construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de formaresponsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, enparticular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminacióndas persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvementopersoal.
e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e alingua castelá.
f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguasestranxeiras.
g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e dacomunicación.
h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidadeelixida.
j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia eda tecnoloxíaao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecementocultural.
m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridadeviaria.
o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundoglobalizado.

## 4. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DOS DIFERENTESCURSOS

### LINGUA GALEGA E LITERATURA 1ºESO

**Obxectivos**

1. Comprender, interpretar e resumir o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intenciónscomunicativas.
2. Escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual, desenvolvendo un pensamentocrítico.
3. Escoitar con interese e respecto as intervencións orais, respectando as normas decortesía.
4. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas deactualidade.
5. Valorar as producións orais cunha fonética galega correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar aela.
6. Intervir de maneira activa en situacións orais propias do ámbitoacadémico.
7. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ouinformais.
8. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados á situación e á intención comunicativa, coherentes e ben organizados, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá eacadémica.
9. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intenciónscomunicativas.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información, consultar modelos de composición escrita e solucionar dúbidas detraballo.
11. Mostrar unha actitude crítica cara ás mensaxes que manifesten prexuízoslingüísticos.
12. Ler en voz alta coa dicción adecuada e respectando os patróns fonéticos dogalego.
13. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión ecorrección.
14. Usar as TIC, con progresiva autonomía, para redactar e presentar os seusescritos.
15. Coñecer e utilizar un léxico amplo epreciso.
16. Coñecer e utilizar adecuadamente a fonética dogalego.
17. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.
18. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas dogalego.

19. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a comprensión detextos.
20. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que asdesempeñan.
21. Coñecer e utilizar os conectores textuais e as regras de concordancia para dar cohesión aostextos.
22. Diferenciar as distintas clases de oracións segundo a intención do emisor.
23. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ouculturais.
24. Desenvolver unha competencia comunicativa integrada a partir do coñecemento das linguas.
25. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
26. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso de normalización dalingua.
27. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas deEspaña.
28. Recoñecer e valorar as variantes xeográficas do galego, rexeitando prexuízoslingüísticos.
29. Diferenciar os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, identificar os tres grandesxéneros.
30. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros, relacionándoos coa súa experiencia propia e expoñendo a súaopinión.
31. Escribir textos sinxelos con intención estética, utilizando os coñecementos literarios adquiridos.
32. Describir os trazos que caracterizan o cómic e a canción como linguaxesartísticas.
33. Coñecer e aplicar as estratexias de autoavaliación, recoñecendo os erros nas súas producións.

- **Organización e secuenciación dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliables e competencias clave nas unidades docurso.**

Os contidos da materia de Lingua Galega e Literatura agrúpanse en varios bloques. O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicas que lle permitan adquirir unha cultura xeral. Os alumnos e alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento da súa cultura.

Engádese a continuación a táboa cos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave relacionados con estes últimos, ademais das unidades nas que se van desenvolver cada un dos estándares de aprendizaxe.

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Unidades |
| | Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar | | | | |
| * d<br>* e<br>* h<br>* l<br>* ñ | - B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intere- ses doalumnado. | - B1.1. Comprender e interpretar a intención co- municativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un re- sumo. | - LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias deactualidade). | - CCL<br>- CAA | 1 |
| | | | - LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos aresumos. | - CCL<br>- CAA | 1 |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e bre- ves exposicións orais de temáticasvariadas). | ▪ B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresivaautonomía. | ▪ LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, osda- tos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educati- vo. | ▪ CCL<br>▪ CAA | 6, 7, 8 e 11 |
| | | | ▪ LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendi- zaxe con progresivaautonomía. | ▪ CCL<br>▪ CAA | 1, 2, 3, 6, 7, 8, 9, 10, 11 e 12 |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.3. Desenvolvemento de habilidades de es- coita activa con actitude de interese, de coo- peración e derespecto. | ▪ B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cor- tesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas comoplanificadas. | ▪ LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxediscriminatoria). | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 11 e 12 |
| | | | ▪ LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe nonverbal. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 11 e 12 |
| 1. a<br>2. c<br>3. d<br>4. e<br>5. h | - B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programasinformativos. | ▪ B1.4. Identificar e contrastar o propósito co- municativo en textos orais dos medios de co- municación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias. | ▪ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas princi- pais e as secundarias de programasinformativos. | ▪ CCL | 10 |
| | | | ▪ LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en dife- rentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzasatopadas. | ▪ CAA | 10 |
| | | | ▪ LGB1.4.3.Identificaerexeitaosusoslingüísticosquelevan | ▪ CSC | 10 |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Unidades |
| | | | implícitos prexuízos ou discriminacións. | | |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade. | ▪ B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposi- cións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comuni- cativas. | ▪ LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para se- leccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas produ- cións. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIE | 3, 7, 8, 9 e 10 |
| | | | ▪ LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmenteatractivas. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE | 9 e 10 |
| h<br>▪ o | ▪ B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar aela. | ▪ B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poi- dan asociar aela. | ▪ LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, re- coñece os erros de produción oral propia e allea e propón so- lucións paramelloralas. | ▪ CCL<br>▪ CA | 2, 3, 7, 8, 9, 11 e 12 |
| | | | ▪ LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da linguagalega. | ▪ CAA | 9 e 12 |
| | | | ▪ LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seucontexto. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | 1, 9 e 12 |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión ecorrección. | ▪ B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á inten- ción comunicativa desexada, con coherencia, cohesión ecorrección. | ▪ LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáne- as, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexa- da, con coherencia, cohesión ecorrección. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1, 3, 4, 5, 6,7, 8, 9. 10, 11 e 12 |
| | | | ▪ LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espon- táneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatalxordo). | ▪ CCL | 1, 3, 4, 5, 6,7, 8, 9, 10, 11 e 12 |
| | | | ▪ LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas ex- presións propias do galego (fraseoloxíaadecuada). | ▪ CCL | 1, 3, 4. 5, 6,7,8, 9, 10, 11 e 12 |
| | | | ▪ LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico evariado. | ▪ CCL | 1, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11 |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Unidades |
| | | | | | e 12 |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.8. Participación activa en situacións pro- pias do ámbito educativo (pedimento de acla- racións, intercambio de opinións e exposición deconclusións). | ▪ B1.8. Participar activamente en situacións pro- pias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e exporconclusións). | ▪ LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educati- vo, respectando as regras deinteracción. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1, 4, 5, 6,9, 10, 11 e12 |
| | | | ▪ LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instru- cións da persoa moderadora nos debates ecoloquios. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1, 4, 5, 6,9, 10, 11 e12 |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B1.9. Coñecemento e aplicación de estrate- xias necesarias para falar en público: planifi- cación do discurso, prácticas orais formais e informais. | ▪ B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou engrupo. | ▪ LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de expo- sicións formais ou informaisbreves. | ▪ CAA | 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 11 e 12 |
| | | | ▪ LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao au- ditorio con autoconfianza eseguridade | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 11 e 12 |
| | | | ▪ LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 11 e 12 |
| | | | ▪ LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do ni- vel formal ás súas produciónsorais. | ▪ CCL<br>▪ CAA | 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 11 e 12 |
| | | | ▪ LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos for- mais eespontáneos. | ▪ CAA | 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 11 e 12 |
| | | | LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos dis- cursos orais propios e alleos e trata, progresivamen- te, deevitalos. | ▪ CAA<br>▪ CCL | 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 11 e 12 |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá eeducativa. | ▪ B1.10. Producir discursos breves e compren- sibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ousocial. | ▪ LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que in- tercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxe- las. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC | 1, 3, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11 e 12 |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Unidades |
| ▪ ñ | | | ▪ LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servi- zo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE | 1 |
| | Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir | | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lecturacomprensiva. | ▪ B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lecturacomprensiva. | ▪ LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: su- bliñados, esquemas e resumos. | ▪ CCL<br>▪ CCA | 1, 2, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11 e 12 |
| | | | ▪ LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuaisexplícitos. | ▪ CCL | 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11 e 12 |
| | | | ▪ LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado dasideas. | ▪ CCL | 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11 e 12 |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.3. Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación(noticias). | ▪ B2.3. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, textos propios dos medios de comunicación (noticias). | ▪ LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación(noticias). | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1, 2, 4, 9 |
| | | | ▪ LGB2.3.2. Localiza a información destacada de tex- tos propios dos medios de comunicación: portadas etitulares. | ▪ CCL | 4 |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.4. Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida edu- cativa, especialmente, os instrutivos e expositi- vos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. | ▪ B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou di- xital, textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, diciona- rios, glosarios eenciclopedias. | ▪ LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios eenciclopedias. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA | 1, 2, 3, 4, 5, 9, 10, 11, 12 |
| | | | ▪ LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas mate- riascurriculares. | ▪ CCL | 2, 3, 4, 5, 9, 10, 11 |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.5. Uso, progresivamente autónomo, das bi- bliotecas e das TIC para seleccionar informa- ción. | ▪ B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bi- bliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñe- cementos adquiridos non proceso de aprendizaxe con- tinua. | ▪ LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autó- noma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais eescritos. | ▪ CCL<br>▪ CCA | 1, 2, 3, 4, 5,7, 8, 9, 10,11, 12 |
| | | | ▪ LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente diciona- rios impresos ou en versióndixital. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA | 1, 2, 3, 5, 7, 8, 9, 10, 11, 12 |
| | | | ▪ LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeitoautónomo. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA | 9, 11, 12 |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminato- rios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dosdemais. | ▪ B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discri- minatorios e manifestar posturas de acordo ou desa- cordo e respecto ás mensaxesexpresadas. | ▪ LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten pre- xuízos e evita usos lingüísticosdiscriminatorios. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1, 2, 12 |
| | | | ▪ LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordosobreaspectosparciaisouglobaisdun | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1, 2, 6, 7, 8, 10, 11, 12 |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Unidades |
| | | | texto. | | |
| | | | ▪ LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado duntexto. | ▪ CCL | 1, 2, 6, 7, 8, 10, 11, 12 |
| | | | ▪ LGB2.6.4. Respecta as opinións dosdemais. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1, 2, 6, 7, 8, 10, 11, 12 |
| ▪ h<br>▪ ñ | ▪ B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro devoz. | ▪ B2.7. Ler en voz alta co dicción, entoación e ritmo ade- cuados á situación comunicativa e á súafunción. | ▪ LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntua- ción) á situación comunicativa e á función da men- saxe. | ▪ CCL | 4, 10, 11, 12 |
| | | | ▪ LGB2.7.2. Usa recursos audiovisuais para rexistrar avoz. | ▪ CCL<br>▪ CD | 4, 10, 11 |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.8. Planificación e revisión do escrito en fun- ción da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos dotexto. | ▪ B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e exter- nas dotexto. | ▪ LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar otexto. | ▪ CCL | 4, 5, 7, 8, 9, 10, 11, 12 |
| | | | ▪ LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo. | ▪ CCL | 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12 |
| | | | ▪ LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursi- vos de cohesión interna do texto (a deíxe, as refe- rencias internas de tipo léxico e osconectores). | ▪ CCL | 4, 11, 12 |
| | | | ▪ LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideasexpresadas) | ▪ CCL | 4, 10, 11, 12 |
| | | | ▪ LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas emorfolóxicas. | ▪ CCL | 1, 2, 3, 4, 5,6, 7, 8, 9, 10,11, 12 |
| | | | ▪ LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programasde presen- | ▪ CCL | 4, 5, 6, 7, 8, 9, |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Obxectivos | Contidos |
| | | | tación, dicionarios electrónicos e correctores. | ▪ CD | 10, 11, 12 |
| | | | ▪ LGB2.8.7. Complementa as producións con ele- mentos textuais e paratextuais: ilustracións e gráfi- cos. | ▪ CCL<br>▪ CD | 4, 5, 10 |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solici- tudes e participación enforos. | ▪ B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos pro- pios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, car- tas persoais, avisos, solicitudes e participación en fo- ros. | ▪ LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avi- sos, solicitudes e participación enforos. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC | 3 |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.10. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias). | ▪ B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun mo- delo(noticias). | ▪ LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo(noticias). | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC | 4 |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.11. Produción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e ex- plicacións sobre contidos das materias curricu- lares. | ▪ B2.11. Producir, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materiascurriculares. | ▪ LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resu- mos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materiascurriculares. | ▪ CCL<br>▪ CD | 1, 2, 3, 4, 5 |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamen- talmente, narrativos edescritivos. | ▪ B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixi- tal, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, na- rracións edescricións. | ▪ LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos edescritivos. | ▪ CCL<br>▪ CD | 1 , 2, 3, 6, 7, 8, 9, 11, 12 |
| | | | ▪ LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descri- cións sen parafrasear o textoresumido. | ▪ CCL | 1 , 2, 3, 6, 7, 8, 9, 11, 12 |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.13. Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualiza- ción, como para a revisión e mellora doescrito. | ▪ B2.13. Usar as TIC para textualizar, revisar e mellorar os escritos: procesadores de texto, programas de pre- sentación e dicionarios electrónicos. | ▪ LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presen- tación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar e revisar e mellorar osescritos. | ▪ CCL<br>▪ CD | 2, 3, 4, 5, 7, 8,<br>9, 11, 12 |
| ▪ d<br>▪ h | ▪ B2.14. Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar expe- riencias, ideas e coñecementospropios. | ▪ B2.14. Valorar a escritura como fonte de aprendizaxe e como unha forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementospropios. | ▪ LGB.2.14.1. Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar experiencias e para adquirire tran- | ▪ CCL<br>▪ CSC | 3, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12 |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Obxectivos | Contidos |
| | | | smitir coñecementos. | ▪ CCEC | |
| | Bloque 3. Funcionamento da lingua | | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ l | ▪ B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con in- corporación de fraseoloxía e de vocabulario te- mático a partir de campos léxicos traballados na aula. | ▪ B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preci- so coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballa- do naaula. | ▪ LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situacióncomunicativa. | ▪ CCL<br>▪ CCC. | 1, 2, 3, 4, 5,6, 7, 8, 9, 10,11, 12 |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posiblesinterferencias. | ▪ B3.2. Recoñecer e usar a fonética da linguagalega. | ▪ LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da linguagalega. | ▪ CCL<br>▪ CAA | 1,4, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12 |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ n<br>▪ l | ▪ B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fon- tes de consulta en calquera soporte, especial- mente sobre flexión, relación semántica e nor- mativa. | ▪ B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera ou- tra fonte de consulta, en papel ou en soporte electróni- co, para resolver dúbidas e para progresar na aprendi- zaxeautónoma. | ▪ LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras deconsulta. | ▪ CCL<br>▪ CAA | 1, 2, 3, 4, 5,6, 7, 8, 9, 10,11, 12 |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.4. Coñecemento, comparación, uso e valora- ción das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos. | ▪ B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais eescritos. | ▪ LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ásnormas. | ▪ CCL<br>▪ CD | 1, 2, ,3 ,4,5, 6, 7, 8, 9,10, 11, 12 |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.5. Aplicación e valoración das normas orto- gráficas e morfolóxicas da linguagalega. | ▪ B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfo- lóxicas da linguagalega. | ▪ LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas orto- gráficas e morfolóxicas da linguagalega. | ▪ CCL | 1, 2, ,3, 4,5, 6, 7, 8, 9,10, 11, 12 |
| | | | ▪ LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lin- güística, gramatical e ortográfica dostextos. | ▪ CCL | 1, 2, 4, 5, 6,7, 8, 9, 10,11, 12 |
| ▪ e | ▪ B3.6. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesióntextual. | ▪ B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesióntextual. | ▪ LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntua- ción para a cohesióntextual. | ▪ CCL | 1, 2, 10, 11, 12 |
| ▪ b | ▪ B3.7. Recoñecemento da estrutura de substan- tivoseverbosedasúacaracterizaciónmorfo- | ▪ B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorara | ▪ LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente subs- tantivoseformasverbaisnacomprensióneprodu- | ▪ CCL | 2, 4, 5, 11, 12 |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Obxectivos | Contidos |
| ▪ e | lóxica para a mellora da comprensión e produ- ción textuais. | comprensión e produción textuais. | ción de textos orais e escritos. | ▪ CAA | |
| | | | ▪ LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creativida- de. | ▪ CCL<br>▪ CAA | 4, 5, 10, 11, 12 |
| ▪ e<br>▪ h | ▪ B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de opo- sición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. | ▪ B3.8. Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gra- maticais e léxicos de cohesióninterna. | ▪ LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conec- tores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia in- terna que lle proporcionan cohesión a untexto. | ▪ CCL<br>▪ CAA | 11, 12 |
| | | | ▪ LG3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a co- hesióninterna. | ▪ CCL | 11, 12 |
| ▪ e<br>▪ h | ▪ B3.9. Coñecemento dos compoñentes sintácti- cos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e co- rrecto. | ▪ B3.9. Coñecer os compoñentes sintácticos para elabo- rar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesiona- do ecorrecto. | ▪ LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enuncia- dos de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentessintácticos. | ▪ CCL | 2, 3, 4, 5, 6,7, 8, 9, 10,11, 12 |
| ▪ e | ▪ B3.10. Coñecemento, uso e aplicación das es- tratexias necesarias de autoavaliación,aceptan- do o erro como parte do proceso. | ▪ B3.10. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso deaprendizaxe. | ▪ LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa me- llora. | ▪ CCL<br>▪ CAA | 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11 |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, re- census de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente relaciona- dos cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ouculturais. | ▪ B3.11. Participar en proxectos (elaboración de mate- riais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tan- to curriculares como outras presentes no centro do- cente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ouculturais. | ▪ LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elemen- tos transversais**,** evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoaplurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA | 9, 12, 12 |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.12. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvol- ver unha competencia comunicativaintegrada. | ▪ B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transfor- mación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción detextos. | ▪ LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos tra- ballados en calquera dasoutras. | ▪ CCL<br>▪ CAA | 1, 2, 3, 4, 5,6, 7, 8, 9, 10,11, 12 |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Obxectivos | Contidos |
| | Bloque 4. Lingua e sociedade | | | | |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.<br>▪ B4.2. O plurilingüismo como expresión da rique- za cultural dahumanidade.<br>▪ B4.3. Alusofonía. | ▪ B4.1. Valorar as linguas como medios de relación in- terpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que aintegran. | ▪ LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de re- lación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lin- güísticos de noso en diferentescontextos. | ▪ CCL | 1, 8, 10, 12 |
| | | | ▪ LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, mi- noritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao casogalego. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1, 12 |
| | | | ▪ LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en Es- paña e valora a súa existencia como un elemento de riquezacultural. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1 |
| | | | ▪ LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na ac- tualidade en Galicia por mor daemigración. | ▪ CCL | 12 |
| | | | ▪ LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Gali- cia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que aintegran. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | 1, 12 |
| | | | ▪ LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (litera- tura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compára- os con outros similares dalusofonía. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 12 |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.4. Situación sociolingüística dogalego. | ▪ B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno. | ▪ LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros con- textos e analiza asdiferenzas. | ▪ CCL | 1, 2, 12 |
| | | | ▪ LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimosgalegos. | ▪ CCL | 2 |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.5. Proceso de normalización. Desenvolve- mento de actitudes positivas cara ao procesode | ▪ B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivoscara | ▪ LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normali- zadoras no ámbitoeducativo. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1, 12 |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Obxectivos | Contidos |
| | recuperación do galego, favorecemento do xur- dimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialida- des de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. | ao uso do galego e asumir a importancia da contribu- ción individual no desenvolvemento da lingua galega. | ▪ LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e so- cialmente á normalización da linguagalega. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1, 2, 3, 9, 12 |
| ▪ ñ.<br>▪ o. | ▪ B4.6. Situación legal das linguas do Estado es- pañol. | ▪ B4.4. Describir a situación legal das linguas do Estado español. | ▪ LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utiliza- ción do galego e a súa promoción no ámbito educa- tivo elocal. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1, 12 |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.7. Prexuízoslingüísticos. | ▪ B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación aeles. | ▪ LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estéti- co e socioeconómico cara ao galego na súa prácti- ca lingüística e na do seucontorno. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1, 9, 10, 12 |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.8. Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua están- dar, uso normalizado da variante dialectal pro- pia da zona e utilización e valoración da varian- te estándar da lingua en situacións de carácter formal. | ▪ B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópicapropia. | ▪ LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafási- cas dogalego. | ▪ CCL | 1 |
| | | | ▪ LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identi- fica nela os trazos propios da xergaestudantil. | ▪ CCL | 1, 6,7, 11, 12 |
| | | | ▪ LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade están- dar da lingua galega e valóraa como variante unifi- cadora. | ▪ CCL | 1, 5, 6, 7, 8, 10, 11, 12 |
| | | | ▪ LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as varieda- des dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1, 12 |
| | Bloque 5. Educación literaria | | | | |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.1. Lectura, con regularidade, de obras litera- rias e desenvolvemento dun criterio lector; emi- sión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñece- mentos adquiridos e valoración do uso dos ele- mentos propios de cada xénero literario, opunto | ▪ B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvol- ver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético dalinguaxe. | ▪ LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión per- soal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementosadquiridos. | ▪ CCL | 1, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12 |
| | | | ▪ LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementospropios | ▪ CCL | 6, 7, 8, 9, 10, |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Obxectivos | Contidos |
| | de vista empregado e o uso estético da lingua- xe. | | de cada xénero literario, o punto de vista emprega- do e o uso estético da linguaxe nos textos literarios. | | 11, 12 |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audi- ción de poemas recitados ou cantados; determi- nación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursosestilísticos. | ▪ B5.2. Ler expresiva e comprensivamente e facer audi- cións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursosestilísticos. | ▪ LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, deter- mina o tema principal, a estrutura xeral e pon de re- levo os principais recursosestilísticos. | ▪ CCL | 4, 5, 6, 10, 12 |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de tex- tos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salien- tables: punto de vista, tempo, espazo e perso- naxesprincipais. | ▪ B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narra- tivos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxesprincipais. | ▪ LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente tex- tos narrativos breves, localiza e describe os ele- mentos estruturais e formais máis salientables: pun- to de vista, tempo, espazo e personaxesprincipais. | ▪ CCL | 7, 8, 9, 12 |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visio- nado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracteri- zan ossubxéneros. | ▪ B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e proce- dementos que caracterizan ossubxéneros. | ▪ LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan ossubxéneros. | ▪ CCL | 11, 12 |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.5. Comparación de textos pertencentes a di- ferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais comaformais. | ▪ B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xé- neros e subxéneros, sinalando as coincidencias e dife- renzas, tanto estruturais comaformais. | ▪ LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos dife- rentes xéneros, sinalando as coincidencias e dife- renzas, tanto estruturais comaformais. | ▪ CCL | 2, 3, 4, 5, 7, 9, 10, 11, 12 |
| | | | ▪ LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mes- mo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais comaformais. | CCL | 1, 2, 3, 4, 8, 10, 11, 12 |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéne- ros e a funcionalidade dos recursosretóricos. | ▪ B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursosretóricos. | ▪ LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a fun- cionalidade dos recursosretóricos. | ▪ CCL | 6, 7, 8, 10, 11, 12 |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B5.7. Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiri- dos e dos recursos retóricos traballados na aula. | ▪ B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados naaula. | ▪ LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética ser- víndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados naaula. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12 |
| ▪ h | ▪ B5.8. Descrición e caracterización dostrazos | ▪ B5.8. Describir e caracterizar os trazos definitoriosbá- | ▪ LGLB5.8.1.Describeecaracterizaostrazosdefini- | ▪ CCL | 9 |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contido<br>s | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competenci<br>as clave | Unidades |
| ▪ l<br>▪ n | definitorios básicos da linguaxe cinematográfi- ca. | sicos da linguaxe cinematográfica. | torios básicos da linguaxe cinematográfica. | ▪ CCEC | |
| | | | ▪ LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias se- cuenciasfílmicas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | 9 |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitadadestes. | ▪ B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, in- cluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitadadestes. | ▪ LGLB5.9.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orien- tadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bi- bliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | ▪ CCL<br>▪ CD | 1, 2, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 11, 12 |

**Contidos das unidades.**

Para secuenciar os contidos de 2º ESO seguimos a programación proposta por Netex no proxecto EDIXGAL. Este vai ser o material que tomamos como referencia para o desenvolvemento do currículo, o que non vai impedir que empreguemos outro material adicional, sexa o fornecido na plataforma EVA ou elaborado polo profesorado.

## 1º trimestre

| Unidade | O noso proxecto | Ler e escribir/ Escoitar e falar | Léxico | Comunicación/ Educación literaria | Funcionamento da lingua | Ortografía | Ao peche |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **1. Lingua de mar, lingua deterra** | Avanzamos. Como pasan os anos! | «Longa lingua». Ánxela Gracián. *Os contos da mesa.* | Os prexuízos lingüísticos | Comunicación<br>O proceso comunicativo Elementos da comunicación Funcións da linguaxe | O status da lingua galega<br>As variedades internas da lingua A gheada e o seseo | O alfabeto. As letras *j, k, w, y* | Que aprendices? Avalíate Reforza Amplía Actividade de síntese |
| **2. Galegando Avanzamos.** | Como pasan os anos! | Dos quarks á próxima extinción». Pedro J. Cascajosa Arroyo (AGI-Xunta de Galicia) | Nomes de lugar: A toponimia galega Osxentilicios | As modalidades textuais<br>Textos narrativos e descritivos<br>Textos expositivos e instrutivos<br>Textos argumentativos | Substantivo e adxectivo<br>Substantivo<br>Adxectivo determinativo<br>Adxectivo cualificativo | A división silábica | Que aprendices? Avalíate Reforza Amplía Actividade de síntese |
| **3. Cóntame o que che pasa!** | Avanzamos. Como pasan os anos! | «Viaxes do corazón». Xosé M. Trigo (Galaxia) | As relacións semánticas | Textos da vida cotiá e das relacións sociais<br>O diario, a carta e o correo electrónico<br>O aviso e a solicitude<br>Os blogs, os foros de Internet e as redes sociais | Os pronomes<br>Pronomes persoais<br>Colocación do pronome átono | A acentuación<br>Un frigorífico de cerámica: ciencia e técnica en acción. | Que aprendices? Avalíate Reforza Amplía Actividade de síntese |
| **4. De a cabalo ou de peón** | Avanzamos. Como pasan osanos! | «Resurrection Fest: Apocalípticos ben integrados» *(praza. gal)* – crónica– | A polisemia e a homonimia | Textos dos medios de comunicación<br>A noticia<br>A reportaxe e a crónica O artigo xornalístico | O verbo (I)<br>As formas verbais<br>A conxugación verbal<br>Os verbos regulares | Acentuación en casos especiais (I): Ditongos, tritongos e hiatos | Que aprendices? Avalíate Reforza Amplía Actividade de síntese |

## 2º trimestre

| Unidade | O noso proxecto | Ler e escribir/ Escoitar e falar | Léxico | Comunicación/ Educación literaria | Funcionamento da lingua | Ortografía | Ao peche |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **5. Quen foxe na escuridade?** | Avanzamos. Como pasan os anos! | «Informe da gavilla». Víctor Vaqueiro (Galaxia) | A sinonimia e a antonimia | Textos da vida académica<br>O cuestionario<br>O resumo e o esquema O informe<br>A presentación dixital | O verbo (II)<br>Os verbos semirregulares e irregulares<br>O infinitivo flexionado As perífrases verbais | Acentuación en casos especiais (II):<br>Outros casos | Que aprendices?<br>Avalíate<br>Reforza Amplía<br>Actividade de síntese |
| **6. Moit omáis lonxe** | Avanzamos.<br>Como pasan os anos! | «O corazón de Xúpiter». Ledicia Costas (Xerais) | A hiponimia e a hiperonimia<br>(Holonimia e meronimia, en ampliación) | Os textos literarios e a<br>linguaxe literaria (concepto, xénero e recursos) | Os sintagmas<br>O sintagma preposicional<br>O sintagma nominal<br>O sintagma verbal<br>O sintagma adxectival O sitagma adverbial | A escrita do...<br>... *s* e | Que aprendices?<br>Avalíate<br>Reforza Amplía<br>Actividade de síntese |
| **7. O maxín inesgotable** | Avanzamos.<br>Como pasan os anos! | «Cachiños do meu cerne». Fuco Paz Souto (Toxosoutos) | Campo lexical e campo semántico | A narración literaria<br>(elementos da narración) | A oración simple (I)<br>Enunciado, frase e oración<br>O suxeito | A escrita do...<br>... *s*, | Que aprendices?<br>Avalíate<br>Reforza Amplía<br>Actividade de síntese |
| **8. Construíndo a historia** | Avanzamos. Como pasan os anos! | «A chamada da selva». Jack London (Xerais) | Palabras simples e complexas.<br>A formación de palabras (I): a derivación | A novela (concepto e tipoloxías) | A oración simple (II)<br>O predicado CD e CI | A escrita do...<br>Os grupos consonánticos | Que aprendices?<br>Avalíate<br>Reforza Amplía<br>Actividade de síntese |

## 3º trimestre

| Unidade | O noso proxecto | Ler e escribir/ Escoitar e falar | Léxico | Comunicación/ Educación literaria | Funcionamento da lingua | Ortografía | Ao peche |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **9. Vidas na pantalla** | Avanzamos. Como pasan os anos! | «Harry Potter e o cáliz de fogo». J. K. Rowling (Galaxia) | A formación de palabras (II): a composición e a parasíntese.<br>A familia de palabras | Cinema (os xéneros cinematográficos, a linguaxecinematográfica) | A oración simple (III)<br>O complemento predicativo<br>O complemento de réxime<br>O complemento axente<br>O complemento circunstancial | Palabras xuntas e separadas | Que aprendihces?<br>Avalíate<br>Reforza<br>Amplía<br>Actividade de síntese |
| **10. O arrolo mainiño do vento** | Avanzamos. Como pasan os anos! | «Piratas polo Miño». Xosé Miranda (Tambre)<br>«Memoria de Ahab». Rafa Villar (Sotelo Blanco) | Os prefixos e os sufixos.<br>Sufixos apreciativose nocionais<br>Prefixos apreciativos e nocionais | A lírica (cómputo, medida dos versos, rima recursos) | Clasesdeoracións Signos de puntuación(I) | separadas | Que aprendiches?<br>Avalíate<br>Reforza<br>Amplía<br>Actividade de síntese |
| **11. Papel traxicómico** | Avanzamos. Como pasan osanos! | «A música da noite». Manuel Lourenzo (Ed. Do Castro) | Os conectores ou marcadores do discurso | O teatro (características e subxéneros) | As propiedades do texto<br>A coherencia A cohesión<br>A adecuación | Signos de puntuación (II)<br>Os dous puntos, a raia e as comiñas | Que aprendiches?<br>Avalíate<br>Reforza<br>Amplía<br>Actividade de síntese |
| **12. De quen vés sendo?** | Avanzamos. Como pasan osanos! | «Antoloxía do conto de tradición oral» X. Miranda, A. Reigosa e X. R. Cuba (Xerais) | As frases feitas, os refráns | A literatura de transmisión oral | A normalización lingüística<br>A lusofonía | Signos de puntuación (III)<br>Os signos de interrogación e de exclamación<br>A barra | Que aprendiches?<br>Avalíate<br>Reforza<br>Amplía<br>Actividade de síntese |

- **Temporalización**

Tomando como referencia as unidades de NETEX a distribución de contidos é a seguinte:

- 1ª avaliación: unidades1-4
- 2ª avaliación: unidades5-8
- 3ª avaliación: unidades 8-12

Esta división pode sufrir modificacións en función do ritmo de aprendizaxe e das características de cada grupo; tamén a profesora poderá decidir a organización da materia de xeito que, sen esquecer os contidos, os estándares e os obxectivos perseguidos, teña unha certa liberdade á hora detratalos.

- **Grao mínimo de consecución para superar amateria**

- Comprensión, interpretación e resumo de textos orais e escritos de tipoloxía diversa (académicos, medios de comunicación, vida social...)
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con interese erespecto.
- Elaboración, coa axuda das TIC, de discursos orais coherentes, cohesionados e fonética, prosódica e gramaticalmente correctos.
- Utilización guiada da biblioteca e as TIC para obter información sobre textos escritos, esencialmente dos medios de comunicación enarrativos.
- Lectura en voz alta, con dicción e entoacióncorrectas.
- Produción, con e sen a axuda das TIC, de textos escritos de diferentes tipos (resumos, esquemas, textos dos medios de comunicación, narracións, descricións,exposicións...)
- Utilización de léxico amplo, con uso do vocabulario traballado naaula.
- Correcta utilización da normativa ortográfica e morfolóxica da nosalingua.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e dos principais mecanismos de cohesión textual.
- Valoración do plurilingüismo e alusofonía.
- Coñecemento da situación sociolingüística do galego evitando estereotipos eprexuízos.
- Lectura guiada de obras literarias, exposición da opinión persoal e asimilación dos seus principais rasgosestéticos.
- Diferenzas entre os tres xéneros literarios a partir das súas principaiscaracterísticas.
- Produción de textos sinxelos de intenciónliteraria.
- Descrición dos trazos básicos da canción e o cómic como linguaxesartísticas.

**4. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DOS DIFERENTES CURSOS**

**LINGUA GALEGA E LITERATURA 3ºESO**

- **Obxectivos**

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intenciónscomunicativas.
2. Escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual.
3. Escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais cunha fonética galegacorrecta.
4. Participar activamente en situacións propias do ámbito académico, manifestando a súa opinión e mostrando respecto cara á dosdemais.
5. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou engrupo.
6. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados, sobre temas da vida cotiá ouacadémica.
7. Realizar exposicións orais planificadas con axuda dasTIC.
8. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intenciónscomunicativas.
9. Ler en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego e rexeitando calquera tipo de prexuízo.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creaciónspropias.
11. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión ecorrección.
12. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
13. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar naaprendizaxe.
14. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
15. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención a posiblesinterferencias.
16. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que asdesempeñan.
17. Identificar os conectores e outros mecanismos que lles dan cohesión aostextos.
18. Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos propios de acordo con esesparámetros.
19. Coñecer e aplicar as regras ortográficas para conseguir unha comunicacióneficaz.
20. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ouculturais.
21. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.

22. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer asprincipais iniciativas normalizadoras da lingua e identificar os prexuízos.
23. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
24. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estadoespañol.
25. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.
26. Identificar as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
27. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde a Idade Media ata1916.
28. Elaborar traballos, coa axuda das TIC, relacionados coas distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata1916.
29. (Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados enclase.

- **Organización e secuenciación de contidos e estándares de aprendizaxe avaliables**

Os contidos da materia de Lingua Galega e Literatura agrúpanse en varios bloques. O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicas que lle permitan adquirir unha cultura xeral. Os alumnos e alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento da súa cultura.

**CONTIDOS**

**Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar Escoitar**

B1.1. Comprensión e interpretación de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes.

B1.2. Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes ecrónicas.

B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos.

B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais usados no ámbito académico (presentacións, relatorios, intervencións en mesasredondas).

B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou doalumnado.

**Falar**

B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

B1.7. Participación activa en situacións propias do ámbito académico e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.

B1.8. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.

B1.9. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.

B1.10.Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.

**Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir Ler**

B2.1. Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica detextos.
B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, regulamentos.
B2.3. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación e distinción dos contidos informativos e das opinións en entrevistas, crónicas e reportaxes.
B2.4 .Comprensión e interpretación dos textos propios do ámbito académico, especialmente os expositivos e explicativos (enciclopedias, webs educativas e outros materiais deconsulta).
B2.5. Identificación do tema e dos subtemas, a estrutura comunicativa das mensaxes e a intención do emisor dos textos expositivos e explicativos.
B2.6. Uso case autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información.
B2.7. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.
B2.8. Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego.

**Escribir**

B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, intervencións enforos.
B2.10.Produción, en soporte papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente entrevistas, crónicas e reportaxes.
B2.11. Produción, en soporte papel ou dixital, de textos expositivos do ámbito académico a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación.
B2.12.Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
B2.13.Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros.
B2.14.Uso das TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.

**Bloque 3. Funcionamento da lingua**

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.
B3.2. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.

B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (derivación e composición).
B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego con especial atención a posibles interferencias.
B3.5. Uso progresivo, autónomo e eficaz dos dicionarios, das bibliotecas e doutras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información.
B3.6. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.
B3.7. Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
B3.8. Recoñecemento das funcións sintácticas e das unidades que as desempeñan de cara á mellora da construción de textos orais e escritos con emprego dunha terminoloxía axeitada.
B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico.
B3.10.Identificación da estrutura dun texto, a construcción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios. Elaboración de textos atendendo a estesvalores.
B3.11. Recoñecemento e delimitación na intención comunicativa expresada. B3.12.Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis,
recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
B3.13.Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

**Bloque 4. Lingua esociedade**

B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dunpobo.
B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando oplurilingüismo.
B4.3. A lusofonía.
B4.4. Situación sociolingüística do galego, observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula, barrio), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes.
B4.5. O proceso de normalización, desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da linguagalega.

B4.6. Etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.

B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español. B4.8. Os prexuízos lingüísticos.

B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácterformal.

**Bloque 5. Educación literaria**

B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da Literatura Galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.

B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.

B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.

B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos literarios representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.

B5.5. Consulta de fontes básicas de información e familiarización coas TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.

B5.6. (Re)creación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

**Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar**

B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, o datos relevantes de textos orais dos medios de comunicación audiovisual.

LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual (entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes).

LGB1.1.2. Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos.

B1.2. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.

LGB1.2.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes, crónicas.

LGB1.2.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.

LGB1.2.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ediscriminacións.

B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos.

LGB1.3.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.

LGB1.3.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos. LGB1.3.3. Diferencia as explicacións dos argumentos.

B1.4. Comprender textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito académico (presentacións, relatorios, intervencións en mesas redondas) e identificar as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, e diferenciar as explicacións dos argumentos.

LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas dentro do ámbito académico e elabora un esquema ou resumo.

LGB1.4.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra.

B1.5. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade académica, tanto espontáneas como planificadas.

B1.9. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC.

B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.

B1.11. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.

B1.12. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.

B1.13. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.

**Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir**

Ler

B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.

B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.

B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto manuais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados enInternet.

B2.4. Comprensión e interpretación de textos argumentativos.

B2.5. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.

B2.6. Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.

B2.7. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios.

B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.

Escribir

B2.9. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).

B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.

B2.11. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.

B2.12. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos xornalísticos de opinión.

B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.

B2.14. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.

**Bloque 3. Funcionamento da lingua**

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.

B3.2. Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases. B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.

B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o n velar ou a entoación).

B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestión de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.

B3.6. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da linguagalega. B3.7. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesiónsintáctica.

B3.8. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.

B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual.

B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.

B3.11. Identificación e explicación dos trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.

B3.12. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.

B3.13. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.14. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

**Bloque 4. Lingua e sociedade**

B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.

B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.

B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.

B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.

B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.

B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España. B4.8. Prexuízos lingüísticos.

B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.

**Bloque 5. Educación literaria**

B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata aactualidade.

B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.

B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DEAPRENDIZAXE Bloque 1. Comunicación oral: escoitar efalar**

B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual.

LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante.

LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e assecundarias.

LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias e debates procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.

B1.2. Comprender e analizar textos expositivos e publicitarios, diferenciar neles información, opinión e persuasión.

LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización.

LGB1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor).

LGB1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais.

B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesasredondas).

LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ouresumo.

LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.

B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.

LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.

LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.

LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.

LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar aela.

LGB1.6.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.

LGB1.6.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á

pronuncia propia da lingua galega.

LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión ecorrección.

LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión ecorrección.

LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).

LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.

LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. Manifestar unha actitude crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.

LGB1.8.1. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación.

LGB1.8.2. Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.

B1.9. Realizar exposicións orais planificadas e claras de traballos e de informacións de actualidade, coa axuda das TIC.

LGB1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas. LGB1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.

LGB1.9.3. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.

LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar enpúblico.

LGB1.9.5. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultadesexpresivas.

LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonéticos e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.

LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.

LGB1.11.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.

LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.

LGB1.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.

**Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir**

B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.

LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).

LGB2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.

LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.

LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.

LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.

B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.

LGB2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.

LGB2 2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral, administrativo e comercial.

B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto manuais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en Internet.

LGB2 3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto manuais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en Internet.

LGB2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas. B2.4. Comprender e interpretar textos argumentativos.

LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos. LGB2.4.2. Elabora a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados nuntexto.

B2.5. Comprender e interpretar textos xornalísticos de opinión: editorial, columna, artigo de opinión...

LGB2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión.

LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.

B2.6. Comprender e interpretar as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.

LGB2.6.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).

LGB2.6.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.

B2.7. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

LGB2 7.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

LGB2.7.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación, con especial atención á publicidade.

B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital.

LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.

LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.

B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).

LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais).

LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.

LGB2.9.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.

LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente.

LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.

B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.

LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega.

LGB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a cada unha das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas, etc.

LGB2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións.

B2.11. Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos, tanto en formato papel como dixital: laborais, administrativos e comerciais.

LGB2.11.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral, administrativo e comercial.

B2.12. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos de opinión. LGB2.12.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos de opinión.

B2.13. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.

LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.

LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa.

LGB2.13.3. Sintetiza a información e resume textos argumentativos sen repetir nin parafrasear o texto departida.

B2.14. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo.

LGB2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como unha ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.

**Bloque 3. Funcionamento da lingua**

B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.

LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.

LGB3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.

B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega.

LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.

B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.

LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.

LGB3.3.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.

LGB3.3.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.

B3.4. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.

LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar.

B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario.

LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seuvocabulario.

B3.6. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.

LGB3.6.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica. LGB3.7.1.Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.

B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polos verbos.

LGB3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.

LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.

LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega. LGB3.8.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado.

LGB3.8.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.

B3.9. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.

LGB3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.

B3.10. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elabora textos de acordo con estes parámetros.

LGB3.10.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.

LGB3.10.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios ealleos. LGB3.10.3. Identifica a progresión temática en textos propios ealleos.

LGB3.10.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.

B3.11. Identificar e explicar os trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.

LGB.11.1. Identifica e describe a estrutura e os trazos lingüísticos dos diferentes xéneros textuais, especialmente nos argumentativos, e aplícaos nas producións propias.

LGB3.11.2. Recoñece nun texto, e emprega nas producións propias, os distintos procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade.

B3.12. Xustificar a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elaborar producións propias cunha adecuación apropiada.

LGB3.12.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual.

LGB3.12.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.

B3.13. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

LGB3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

B3.14. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

LGB3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

**Bloque 4. Lingua e sociedade**

B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.

LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.

LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura.

LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.

LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da Rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).

B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución.

LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.

LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.

LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.

LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada.

LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.

B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.

LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.

LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno.

LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.

LGB.4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.

B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde1916.

LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.

LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas.

LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.

LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.

LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.

B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España.

LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español.

B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.

LGB4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente.

B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da linguaestándar.

LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.

LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega. LGB4.7.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora.

LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.

LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.

**Bloque 5. Educación literaria**

B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.

B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.

LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.

LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.

LGLB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.

LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

LGLB5.3.1. Le expresiva, compresiva ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.

B5.4. Elaborar traballos individuais ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

LGLB5.4.1. Elabora traballos individual ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.

LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.

LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.

B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.

LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.

- **Temporalización**

Tomando como referencia o libro de texto que se manexa este curso (*Lingua Galega e Literatura.* Ed. Anaya) a distribución de contidos é a seguinte:

1ª avaliación: unidades 1-4
2ª avaliación: unidades 5-8
3ª avaliación: unidades 9-12

Esta división pode sufrir modificacións en función do ritmo de aprendizaxe e das características de cada grupo; tamén a profesora poderá decidir a organización da materia de xeito que, sen esquecer os contidos, os estándares e os obxectivos perseguidos, teña unha certa liberdade á hora detratalos.

- **Grao mínimo de consecución para superar amateria**

* Uso da lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
* Identificación e análise de distintos tipos de textos analizando e valorando as propiedades textuais.
* Coñecemento e aplicación en diferentes contextos do vocabulariobásico.
* Coñecemento e aplicación das regras de acentuación, os signos de puntuación, e a ortografía.
* Coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de Europa e España e da lexislación que regulamenta o uso das linguas oficiais deGalicia.
* Coñecemento das variedades internas dalingua.
* Coñecemento dos principais trazos socioculturais da literatura do século XX e da actualidade, as etapas, os autores máis salientables, e realización de comentarios detexto.
* Coñecemento da morfoloxía e usos do substantivo, adxectivo, determinantes, pronomes, verbo, perífrases verbais, adverbio, preposición econxunción.
* Identificación das distintas unidades lingüísticas: fonema, monema, palabra, frase, oración...
* Identificación e análise sintáctica de oracións simples e compostas e dos seusconstituíntes.
* Recoñecemento e emprego con corrección de palabras homónimas, polisémicas, sinónimas e antónimas.
* Coñecemento dos cambios semánticos e os principais recursos desubstitución.

**4. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DOS DIFERENTES CURSOS**

**LINGUA GALEGA E LITERATURA 1º DEBACHARELATO**

- **Obxectivos**

1. Producir textos orais e escritos de diversa tipoloxía respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
2. Elaborar exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rico erigoroso.
3. Caracterizar, identificar e comentar textos de naturezadiversa.
4. Respectar e aplicar as normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
5. Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e o esforzo e o compromiso individual e colectivo a prol da normalizaciónlingüística.
6. Comprender e reflexionar sobre os principais conceptos de lingüísticaxeral.

7. Recoñecer e identificar os trazos característicos das diferentes categorías gramaticais e explicar os seus usos evalores.
8. Comprender e describir o proceso de formación do idiomagalego.
9. Coñecer e valorar a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na PenínsulaIbérica.
10. Comprender e empregar adecuadamente os conceptos básicos dasociolingüística.
11. Coñecer a situación sociolingüística desde a Idade Media á actualidade e identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do idioma nas distintas etapas da súa historia.
12. Recoñecer e analizar textos da literatura medieval ao século XIX, así como da literatura popular oral.
13. Analizar e reflexionar sobre obras e fragmentos de diversos períodosliterarios.

- **Organización e secuenciación de contidos e estándares de aprendizaxe avaliables**

**Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.**

B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa (Obxectivos b, d, e).
B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo (Obxectivos b, d, e).
B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (entrevistas, documentais, series e películas) (Obxectivos b, d, e, h).
B1.4. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto (Obxectivos a, b, e, m).
B1.5. Produción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público (Obxectivos d, e, g, i, m).
B1.6. Presentación oral de textos expositivos e argumentativos, do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural (Obxectivos e, g, i, l).
B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección (Obxectivos e, h).
B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade (Obxectivos a, b, e, m).
B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros (Obxectivos a, b, e, m).
B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas (Obxectivos b, d,e).
B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela (Obxectivos b, e).

**Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.**

B2.1. Aplicación de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade (Obxectivos b, f, h).
B2.2. Planificación e produción de textos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas gramaticais e ben presentados (Obxectivos b, h).
B2.3. Comprensión, produción e síntese de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural (dicionarios, glosarios e enciclopedias) (Obxectivos b, d, e, h).
B2.4. Comprensión, produción e valoración de textos procedentes dos medios de comunicación social tanto os publicitarios como os periodísticos de carácter informativo e de opinión (Obxectivos b, c, d, h).
B2.5. Análise dos textos descritivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas (Obxectivos b, f, h).
B2.6. Análise dos textos expositivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas (Obxectivos b, f, h).
B2.7. Análise dos textos narrativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas (Obxectivos b, f, h).
B2.8. Análise dos textos argumentativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas (Obxectivos b, f, h).
B2.9. Análise dos textos dialogados: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas (Obxectivos b, f, h).
B2.10. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas ou dixitais e posterior organización e revisión dos textos cos recursos que ofrecen as TIC (Obxectivos b, e, f, h).

**Bloque 3. Funcionamento da lingua.**

B3.1. Coñecemento e reflexión sobre os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e disciplinas lingüísticas (Obxectivo e).

B3.2. Coñecemento dos diferentes rexistros lingüísticos e dos factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos e valoración da importancia de utilizar o rexistro adecuado en relación coa situación comunicativa (Obxectivos a, b, e).
B3.3. Produción de textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección (Obxectivos a, b, c, e).
B3.4. Caracterización morfolóxica, semántica e sintáctica do substantivo e do adxectivo (Obxectivo e).
B3.5. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes (artigo, demostrativo, posesivo, interrogativos, exclamativos, cuantificadores e identificadores) (Obxectivo e).
B3.6. Recoñecemento, descrición e uso da categoría verbal e das perífrases verbais (Obxectivoe).
B3.7. Recoñecemento, observación, uso e explicación dos conectores textuais (Obxectivo e). B3.8. Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais (Obxectivoe).
B3.9. Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes (Obxectivo e).
B3.10. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no

centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais (Obxectivo b, e,h).
B3.11. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada (Obxectivo b, e).

**Bloque 4. Lingua e sociedade.**

B4.1. Funcións sociais da lingua (Obxectivo p).
B4.2. Diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica (Obxectivo p). B4.3. A lusofonía (Obxectivo p).
B4.4. Multilingüismo e plurilingüismo. Lingua minoritaria e lingua minorizada. Conflito lingüístico e diglosia. Ecolingüismo (Obxectivo p).
B4.5. Historia da lingua: do latín ao galego; situación lingüística da Península antes da romanización; substrato e o estrato latino (principais evolucións fonéticas do latín ao galego). A Romanización e o nacemento das linguas romances; o superestrato (Obxectivo p).
B4.6. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e as familias léxicas irregulares.
B4.7. Historia da lingua: o galego antigo (Idade Media), emerxencia e declive, características lingüísticas, contexto histórico e cultural, e situación sociolingüística (Obxectivo p).
B4.8. Historia da lingua: galego medio; dialectalización da lingua (séculos XVI, XVII e XVIII); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas (Obxectivo p).
B4.9. Historia da lingua: galego moderno (desde o século XIX ata 1916); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas (Obxectivo p).

**Bloque 5. Educación literaria.**

B5.1. Definición dos conceptos "literatura" e "texto literario", caracterización dos diferentes xéneros e análise dos seus principais recursos formais e descrición da cronoloxía xeral da historia da literatura galega (Obxectivos e, n).

B5.2. Definición de "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, relación histórica da súa vitalidade e mais das principais manifestacións e compilacións realizadas nos diferentes períodos históricos ata a actualidade (Obxectivos e, n). B5.3. A literatura medieval: contextualización sociohistórica e sociolingüística das súas orixes, definición das características principais e análise da lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval (Obxectivos e,n).
B5.4. Lectura de textos significativos da literatura medieval, identificación das súas características temáticas e formais e relación destas co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen (Obxectivos e, d, n).
B5.5. A literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción desta etapa, e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais (Obxectivos e, n).

B5.6. Lectura de textos significativos da literatura do galego medio, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen (Obxectivos e, d, n).
B5.7. A literatura do Rexurdimento: contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais deste período (Obxectivos e, n).
B5.8. Lectura de textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen (Obxectivos e, d, n).

- **Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe e relación coas competenciasclave.**

**Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.**

Criterios de avaliación
B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais e audiovisuais.
**Estándares de aprendizaxe**
LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais (Competencias clave CLL).
LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais (Competencias clave CCL, CAA).
LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza (Competencias clave CCL, CAA).
**Criterios de avaliación**
B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencias).
**Estándares de aprendizaxe**
LGB1.2.1. Sintetiza o contido dun texto ou responde preguntas concretas relativas á comprensión de textos orais (Competencias clave CCL, CAA).
LGB1.2.2. Comprende as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia (Competencias clave CCL, CSC).
LGB1.2.3. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural (Competencias claveCAA).
LGB1.2.4. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral (Competencias clave CAA).
**Criterios de avaliación**
B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación (entrevistas, documentais, series e películas).

**Estándares de aprendizaxe**

LGB1.3.1. Recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas) (Competencias clave CCL, CSC, CCEC).

LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social (Competencias clave CCL, CSC).

LGB1.3.3. Analiza e explica os recursos verbais e non verbais (Competencias clave CCL, CAA, CSC).

**Criterios de avaliación**

B1.4. Desenvolver habilidades de escoita activa, para identificar os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao texto.

**Estándares de aprendizaxe**

LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso (Competencias clave CCL).

LGB1.4.2. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas (Competencias clave CSC).

LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público (Competencias clave CCL, CSC, CSIEE).

**Criterios de avaliación**

B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.

**Estándares de aprendizaxe**

LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados (Competencias clave CAA, CCL).

LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas. (Competencias clave CAA, CSIEE).

. LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos nunha das linguas para mellorar a comprensión e produción de textos traballados noutra (Competencias clave CCL, CAA).

Bloque 4. Lingua e sociedade. Criterios de avaliación

. B4.1. Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais ou en grupo os que se analicen cuestión sociolingüísticas.

**Estándares de aprendizaxe**

. LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina as súas repercusións nos usos (Competencias clave CCL, CSC).

. LGB4.1.2. Elabora traballos individuais ou en grupo en que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas (Competencias clave CCL, CSC). Criterios de avaliación

. B4.2. Describir o proceso de construción do estándar, recoñecer as interferencias lingüísticas, especialmente os castelanismos. Estándares de aprendizaxe

. LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción do estándar (Competencias clave CCL).

. LGB4.2.2. Recoñece as interferencias, especialmente os castelanismos, e libera o seu discurso deses elementos (Competencias clave CCL, CCEC).

**Criterios de avaliación**

. B4.3. Distinguir as características do Galego Moderno de 1916 a 1978, identificalo en textos e describir o seu contexto.

**Estándares deaprendizaxe**

. LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do Galego Moderno (Competencia claveCCL).

. LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do Galego Moderno de 1978 á actualidade e a súa situación sociolingüística (Competencias clave CCL,CSC).

. LGB4.3.3. Diferenciar e describir as etapas entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico (Competencias clave CCL).

. LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-78 no desenvolvemento posterior da lingua (Competencias clave CCL, CSC).

. LGB4.3.5. Identifica o Galego Moderno (de 1916 a 1978) en todo tipo de escritos (Competencias clave CCL).

**Criterios de avaliación**

. B4.4. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do Galego Moderno de 1978 á actualidade e identificalo en textos, recoñecelo como como lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre historia da lingua.

**Estándares de aprendizaxe**

. LG4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do GalegoModerno (Competencias clave CCL).

. LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do Galego Moderno de 1978 á actualidade e a súa situación sociolingüística (Competencias clave CCL,CSC).

. LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa de 1978 á actualidade no desenvolvemento do galego (Competencias clave CCL, CSC).

. LGB4.4.4. Recoñece o galego como lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades (Competencias clave CCL, CSC).

. LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en todo tipo de textos de 1978 á actualidade (Competencias clave CCL).

**Criterios de avaliación**

. B4.5. Elaborar una descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.

**Estándares de aprendizaxe**

. LGB4.5.1. Elabora uha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua e as súas principais características (Competencia clave CCL).

**Criterios de avaliación**

. B4.6. Analizar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. Estándares de aprendizaxe

. LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega

(Competencias clave CCL, CSC). Bloque 5. Educación literaria.

**Criterios de avaliación**

.B5.1. Analizar a literatura galega de 1916 a 1936:

- A poesía: autores de vangarda e outrosautores.
- A prosa: autores das Irmandades, Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outrosautores.
- O teatro: autores das Irmandades, vangardas e Grupo Nós.

**Estándares de aprendizaxe**

. LGB5.1.1. Analiza a poesía galega de 1916 a 1936: autores de vangarda e outros (Competencias clave CCL).

. LGB5.1.2. Analiza a prosa galega de 1916 a 1936: autores das Irmandades, Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros autores (Competencias clave CCL).

. LGB1.5.3. Analiza o teatro galego de 1916 a 1936: autores das Irmandades, vangardas e Grupo Nós (Competencia clave CCL).

**Criterios de avaliación**

. B5.2. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e o xénero ao que pertencen.

**Estándares de aprendizaxe**

. LGB5.2.1. Le e comenta textos significativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto (Competencias clave CCL).

. LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal e tematicamente e ponos en relación co contexto (Competencias clave CCL).

. LGB5.2.3. Le e comenta textos significativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal e tematicamente e ponos en relación co contexto (Competencias clave CCL).

**Criterios de avaliación**

. B5.3. Analizar a literatura galega de 1936 a 1975:

- A poesía: produción bélica e autores do exilio. Xeración de 1936, Promoción de Enlace e Xeración das festasMinervais.
- A prosa: produción bélica e autores do exilio. Renovadores da prosa: Fole, Blanco-Amor, Cunqueiro e Neira Vilas. Nova Narrativa Galega. Autores dos primeirossetenta.
- O teatro: teatro do exilio, Xeración dos 50 e grupo de Ribadavia. Estándares deaprendizaxe

. LGB5.3.1. Analiza a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores do exilio, Xeración de 1936, Promoción de Enlace e Xeración das Festas Minervais (Competencia clave CCL).

. LGB5.3.2. Analiza a prosa galega entre 1936 e 1975 (Competencia clave CCL).

. LGB5.3.3. Analiza o teatro galego entre 1936 e 1976 (Competencia claveCCL).

**Criterios deavaliación**

. B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto e o xénero ao que pertencen.

**Estándares de aprendizaxe**

. LGB5.4.1. Le e comenta textos significativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen (Competencia clave CCL).
. LGB5.4.2. Le e comenta textos significativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal e tematicamente e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen (Competencia claveCCL).
. LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, carcterízaos formal e tematicamente e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen (Competencia claveCCL).

**Criterios de avaliación**

. B5.5. Analizar a literatura galega de 1975 á actualidade (poesía, prosa e teatro: xéneros, autores e estéticas e autores dos 80, 90 e o novo século).

Estándares de aprendizaxe

. LGB5.5.1. Analiza a poesía galega de 1975 á actualidade (Competencia clave CCL).
. LGB5.5.2. Analiza a prosa galega de 1975 á actualidade (Competencia clave CCL).
. LGB5.5.3. Analiza o teatro galego de 1975 á actualidade (Competencia claveCCL).

**Criterios deavaliación**

. B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexo e o xénero ao que pertencen.

**Estándares deaprendizaxe**

. LGB5.6.1. Le e comenta textos significativos da poesía galega de 1975 á actualidade, identifica as súas características e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen (Competencia claveCCL).
.LGB5.6.2.Leecomentatextossignificativosdaprosagalegade1975áactualidade,

identifica as súas características e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen (Competencia claveCCL).
. LGB5.6.3. Le e comenta textos significativos do teatro galego de 1975 áactualidade, identifica as súas características e ponos en relación co contexto e o xénro ao que pertencen (Competencia claveCCL).

**Criterios de avaliación**

. B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos una obra completa do período estudado.

**Estándares de aprendizaxe**

. LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de prbas escritas ou traballos, cand menos una obra completa do período estudado (Competencias clave CCL).

Sintetizamos a seguir os estándares nuns básicos, que recollen o esencial dos cinco bloques de contidos, dos que concretaremos a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia, os procedementos e instrumentos de avaliación, os niveis de adquisición de cada estándar (indicadores de logro) e os elementos transversais que se traballarán. Relaciónanse tamén cos contidos mínimos esixibles. E póñense en relación coas competencias clave. Son os seguintes:

1. LGB1. Comprende, interpreta e produce textos orais e audiovisuais con coherencia, cohesión e corrección fonética e prosódica, coa axuda das TIC, respectando as regras de interacción (CCL, CD, CSC).
2. LGB2. Comprende, interpreta e produce textos escritos con coherencia, cohesión e corrección ortográfica, elaborando resumos e esquemas que identifiquen o tema e a estrutura e utilizando recursos das bibliotecas e as TIC (CCL, CD, CAA, CMCCT).
3. LGB3. Utiliza un vocabulario amplo e as regras ortográficas e morfolóxicas do idioma (CCL).
4. LGB3. Recoñece as clases de palabras e as súas funcións sintácticas (CCL,CMCCT).
5. LGB4. Coñece a situación sociolingüística de Galicia e a súa relación co mundo lusófono, así como a diversidade lingüística (CCL, CSC,CCEC).
6. LGB4. Coñece a historia social da lingua galega desde 1916 á actualidade (CCL, CSC, CCEC).
7. LGB5. Le obras e textos representativos da literatura galega de 1916 á actualidade; coméntaas e emite opinións coherentes e ben argumentadas. (CCL, CCEC, CSIEE,CAA).

Os indicadores de logro son os seguintes:

1. LGB1. . É capaz de comprender textosorais.
. É capaz de producir textos orais.
. É capaz de manexar as TIC para a produción de textos.
. Respecta as regras de interacción.
. Utiliza correctamente a fonética e a prosodia.
2. LGB2. . Elabora resumos eesquemas.
. Elabora textos escritos de diversa tipoloxía.
. Utiliza as bibliotecas e as TIC para as súas producións escritas.
3. LGB3. . Utiliza un vocabularioamplo.
. Utiliza as regras ortográficas e morfolóxicas correctamente.
4. LGB4. . Recoñece as clases de palabras e as súasfuncións.
. Recoñece os mecanismos de cohesión textual.
5. LGB4. . Coñece a situación sociolingüística deGalicia.
. Coñece a relación de Galicia e alusofonía.
. Recoñece a importancia doplurilingüismo.
6. LGB4. . Coñece a historia social da lingua galega de 1916 áactualidade.
. Reflexiona sobre a situación sociolingüística de Galicia ao longo da súa historia.
7. LGB5. . Le comprensivamente textos da literatura galega de 1916 áactualidade.
. Expresa as súas opinións sobre as lecturas oralmente e por escrito.
. Elabora textos de intención artística baseándose nas lecturas efectuadas. Os procedementos e instrumentos de avaliación son os seguintes:
1. LGB1. . En cada avaliación, comprensión e interpretación de textosorais.
. Produción de textos orais coherentes e cohesionados.
. Utilización das TIC para a elaboración de textos orais.
. Respecto das regras de interacción que rexen a comunicación oral.

2. LGB2. . En cada avaliación, comprensión, e interpretación de textosescritos.
. En cada avaliación, produción de textos escritos coherentes e cohesionados.
. En cada avaliación, elaboración de esquemas e resumos.
. Uso das bibliotecas e as TIC para a elaboración de textos escritos.
3. LGB3. . Uso, en cada exercicio, traballo ou exame dun vocabularioamplo.
. Uso, en cada exercicio, traballo ou exame, das regras ortográficas e morfolóxicas.
4. LGB4. . Ao longo do curso, recoñecemento das clases de palabras en textos eexercicios.
. Recoñecemento das funcións das clases de palabras en textos e exercicios.
. Recoñecemento dos procedementos de cohesión en textos e exercicios.
5. LGB4. . Comprensión, ao longo do curso, dos principais conceptos deSociolingüística.
. Reflexión sobre a situación sociolingüísitica de Galicia.
. Comprensión das relacións entre Galicia e a lusofonía.
. Recoñecemento da importancia do plurilingüismo.
6. LGB5. . Coñecemento da historia social do galego de 1916 áactualidade.
. Reflexión, en probas orais e escritas, sobre a historia social do galego de 191 á actualidade.
7. LGB5.
. Exposición de opinións, orais e escritas, sobre os textos lidos.
.Recoñecemento das características dos textos literarios entre 1916 e a actualidade.
. Elaboración de textos de intención artística inspirados nos lidos.

Os elementos transversais que traballaremos fundamentalmente na nosa materia son a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC, o emprendemento, a igualdade, a prevención de calquera tipo de violencia, a non discriminación por calquera circunstancia e o fomento da igualdade de oportunidades. A expresión oral trátase en todos os estándares. Na nosa materia a expresión forma parte substancial do currículo: a elaboración e exposición de textos, de xeito individual e colectivo, é a maneira de tratar este elementotransversal.

- **Temporalización**

Para facer a nosa distribución de contidos (indicada en cada un dos bloques do epígrafe anterior) tomamos como referencia as indicacións do Grupo de Traballo de Lingua e Literatura Galegas da CIUG para a Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade. O curso está dividido en unidades didácticas dedicadas aos bloques “Lingua e texto”, “Sociolingüística” e “A literatura”. Debido a que estes dous últimos bloques (sociolingüística e literatura) se estruturan, nas instrucións da CIUG para as ABAU, en 6 temas de Sociolingüística e 12 de Literatura (18 en total), parece conveniente que en cada trimestre se impartan aproximadamente 6 destes temas (2 de sociolingüística e 4 de literatura). Cada profesor/a decidirá a distribución dos temas de cada un dos bloques á hora de impartilos. Polo que se refire á materia do bloque “Lingua e texto”, contida no temario da CIUG (fonoloxía, morfosintaxe, dialectoloxía, etc.) irase distribuíndo ao longo dos tres trimestres. Deste xeito, estarase impartindo en cada trimestre materia dos tres bloques, o que, ademais, é coherente coas instrucións

da CIUG e axéitase á estrutura da proba de ABAU. É conveniente, ademais, que se traballe periodicamente con modelos desta proba, para que o alumnado se familiarice coa súaestrutura.

**Grao mínimo de consecución para superar a materia**

- Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais diversos, especialmente expositivos, argumentativos e dos medios decomunicación.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, cooperación e respecto.
- Produción, coa axuda das TIC, de textos coherentes, correctos gramaticalmente e ben cohesionados sobre temas relacionados coa actualidade ou docurrículo.
- Presentación oral de textos expositivos e/ou argumentativos de diferentesámbitos.
- Uso correcto da nosa lingua oral e valoración positiva da pronuncia con fonética e prosodia correctas, con actitude crítica ante os prexuízos asociables aela.
- Comprensión e síntese de textos escritos, especialmente expositivos eargumentativos.
- Planificación e produción de textos escritos coherentes, cohesionados e gramaticalmente correctos. Correcta utilización das regras ortográficas e morfolóxicas en calqueraescrito.
- Análise e produción de textos escritos dos medios de comunicación e narrativos, descritivos dialogados.
- Busca e selección de información coa axuda dasTIC.
- Caracterización morfosintáctica e semántica das distintas clases de palabras. Coñecemento e definición dos principais conceptos deSociolingüística.
- A diversidade lingüística, o plurilingüismo e alusofonía.
- Historia da lingua: O Galego Moderno de 1916 á actualidade; características lingüísticas e contextosociolingüístico.
- Coñecemento da literatura galega entre 1916 e aactualidade.
- Lectura e comentario de textos da literatura galega desde 1916 á actualidade: períodos, autores e características da poesía, da prosa e doteatro.

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante no que o alumnado adquire un maior grao de protagonismo. A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas. Neste proceso é necesario **o adestramento individual e o traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos deaprendizaxes.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o **traballo en grupo colaborativo** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorable para adestrar a competencia comunicativa. Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos deaprendizaxe.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas aosalumnos.

Ademais das decisións últimas que o equipo docente debe tomar en torno aos criterios para a organización do ambiente físico (espazos, materiais e tempos), os criterios de selección e utilización dos recursos didácticos, os criterios para determinar os agrupamentos dos alumnos, etc., parece aconsellable comentar cales son os principios de intervención didáctica que deben orientar as actuacións do profesorado, de acordo coa concepción construtivista da aprendizaxe e do ensino. Esta concepción non pode identificarse con ningunha teoría en concreto, senón, máis ben, cun conxunto de enfoques que conflúen nuns principios didácticos: non se trata de prescricións educativas en sentido estrito, senón de liñas xerais, ideas-marco que orientan a nosa intervención educativa.

Tivemos en conta estes principios de intervención educativa, derivados da teoría da aprendizaxe significativa e que se poden resumir nos seguintes aspectos: partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, asegurar a construción de aprendizaxes significativas e facer que os rapaces e rapazas constrúan aprendizaxes significativas por si mesmos, facilitar que o alumnado modifique progresivamente os seus esquemas de coñecemento, incrementar a actividade manipulativa e mental dos nosos alumnos e alumnas e tomar en consideración o **contexto plurilingüe** da nosa sociedade (que nos permite facer referencia a linguas como o latín, portugués, castelán, inglés, francés, alemán...) para facilitar o proceso de ensino- aprendizaxe do noso idioma no seu contexto europeo.

Todos os principios psicopedagóxicos recollidos anteriormente xiran en torno a unha regra básica: a **necesidade de que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas e funcionais**. Por iso, cando formulamos como ensinar, adoptamos unha metodoloxía que asegure que as aprendizaxes dos alumnos e as alumnas sexan verdadeiramente significativas.
Asegurar unha aprendizaxe significativa supón asumir unha serie de condicións, que podemos resumir nos seguintes puntos:

1. **O contido debe ser potencialmente significativo**, tanto dende o punto de vista da estrutura lóxica da disciplina (ou área) coma no que concirne á estrutura psicolóxica do alumnado.

2. **O proceso de ensino-aprendizaxe debe conectar coas necesidades, intereses, capacidades e experiencias da vida cotiá dos alumnos e as alumnas**. Neste sentido, a información que recibe o alumno ha de ser lóxica, comprensible eútil.
3. **Deben potenciarse as relacións entre as aprendizaxes previas e asnovas**.
4. **Os alumnos e as alumnas deben ter unha actitude favorable** para aprender significativamente. Así pois, han de estar motivados para relacionaren os contidos novos con aqueles que adquironpreviamente.
5. **As interaccións de profesorado e alumnado e de alumnos con alumnos facilitan a construción de aprendizaxes significativas**. Ao mesmo tempo, favorecen os procesos de socialización entre os alumnos e asalumnas.
6. É importante que os contidos escolares se agrupen en torno a **núcleos de interese** para o alumnado e que se aborden en contextos de colaboración e dende ópticas con marcado carácter interdisciplinar.

Os alumnos e as alumnas posúen en todas as súas aprendizaxes unha serie de ideas previas. Na área de Lingua e Literatura o obxecto de estudo é a propia lingua. Isto fai que o alumnado parta, por un lado, dunha serie de coñecementos previos adquiridos a través da aprendizaxe e, por outro, dos que construíu como usuario.
A selección e organización dos contidos na etapa persegue que o alumnado progrese e se perfeccione de forma sistemática na súa competencia comunicativa e que, de forma simultánea, incremente progresivamente os seus coñecementos acerca da lingua, os sistemas de comunicación verbal e non verbal e a literatura.
As diversas destrezas e a súa concreción na comprensión e produción de distintos tipos e subtipos de textos secuéncianse para que accedan a diferentes niveis de complexidade atendendo á madurez do alumnado.
Tendo en conta estes aspectos, os principios metodolóxicos que fundamentan e animan o proceso de ensino-aprendizaxe na área de Lingua Galega e Literatura son os seguintes:

1. **O ensino-aprendizaxe da lingua é comunicación**. Se este principio é válido para a educación en xeral, moito máis o será nunha materia que ten como fin último o desenvolvemento da comprensión e a produción detextos.

2. **O ensino da lingua implica a exercitación dos procesoscognitivos complexo comprensión e produción.** Ao ser inseparables estes procesos da comunicación oral e escrita, a metodoloxía para a materia propicia e necesita da realización de actividades moi vencelladas ao cognitivo: busca da idea central, xerarquización de ideas, organización lóxica do discurso, etc.

3. **O ensino da lingua implica a extensión do concepto de competencia lingüística á pragmática**. A materia debe proporcionar coñecementos sobre a propia lingua, pero tamén a capacidade para intervir no discurso e actuar con coñecemento das convenciónspragmáticas.

4. **O ensino da lingua debe fomentar a creatividade**. Existe unha estreita relación entre o cultivo da imaxinación e a creatividade e a aprendizaxe da Lingua e a Literatura. A resolución dos problemas que presenta a comunicación esixe estratexias de creatividade. Por outro lado, a literatura como expresión artística é un exercicio permanente de creatividade e de comprensión dos seusmecanismos.

5. **O ensino da lingua debe adecuarse ao suxeito da aprendizaxe**. A metodoloxía debe axustarse ao desenvolvemento socio-afectivo, persoal e cognitivo do alumno. Así, hanse deter en conta os coñecementos e as destrezas que é capaz de adquirir conforme á súa idade e á proximidade e interese dos contidos co que han de exercitar as destrezascomunicativas.

6. **O ensino da lingua debe fomentar o hábito de ler e o pracer como lector**. O coñecemento, dominio e adquisición da lingua atopa na lectura un dos seus mellores instrumentos. Así, é necesario animar e predispoñer o alumnado cara álectura.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

En 1º ESO e 2º ESO levamos dous cursos participando no proxecto EDIXGAL. Dos recursos dispoñibles na plataforma seguimos a programación das unidades dixitais de NETEX, incrementados con recursos das outras plataformas (Edebé, Aula Planeta ou mesmo elaborados polo profesorado e subidos a Edixgal e/ou á aula virtual)
En 3º ESO e 4º ESO utilizaranse os libros de Lingua Galega e Literatura da editorial Anaya.
No Bacharelato empregarase libro de texto no 1º curso, da editorial Baía, e en 2º de Bacharelato continuarase empregando o material elaborado polo profesorado.
Outros materiais e recursos a ter en conta son as Propostas didácticas para os diferentes niveis educativos, os recursos fotocopiables da Proposta didáctica (que recollen lecturas complementarias, actividades de reforzo e de ampliación, material para o desenvolvemento das competencias, fichas de autoavaliación e as Adaptacións curriculares), os dicionarios, os cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita, os recursos TIC do proxecto ABALAR, outros recursos dixitais e a biblioteca de aula destinada a promover alectura.

Tamén se utilizarán fichas e outros materiais elaborados polo profesorado e en varios cursos (3º ESO, 4º ESO e 1º de Bacharelato) contamos co apoio dunha aula virtual, na que o alumnado ten á súa disposición material complementario para as clases e acceso a exercicios cos que pode practicar os contidos vistos nas clases.

### LIBROS DE LECTURA

Os libros de lectura para este curso serán os seguintes:

**1º ESO**

Os libros previstos para o presente curso son:

1. *A señorita Bubble*, de LediciaCostas.
2. *Muriel*, de MaríaCanosa.
3. *As meigas de Lupa*, de MaríaSolar.

No 1º trimestre cada grupo le un libro diferente da anterior listaxe e nas seguintes avaliacións irán alternándoos para que non coincida simultaneamente todo o alumnado lendo o mesmo libro. A listaxe poderá ir ampliándose ao longo docurso.
Ao alumnado que participe no Club de lectura “Lendo en igualdade” teránselle en conta as lecturas feitas no club como unha lectura optativa.

**2º ESO**

Os libros de lectura previstos para o presente curso son:

1. *Cartas de inverno*, de Agustín FernándezPaz.
2. *Unha estrela no vento*, de LediciaCostas.
3. *O caderno de Ánxela*, de Raquel RicartLeal.

Ao alumnado que participe no Club de lectura "Lendo en igualdade" teránselle en conta as lecturas feitas no club como unha lectura optativa.

**3º ESO**

Os libros previstos para o presente curso son:

1. Lectura dunha das seguintes obras: *Game Over* (Biblos Clube de Lectores), de Santiago Lopo; *Europa express* (Xerais), de Andrea Maceiras; *Noite de temporal*, de Manuel Núñez Singala.
2. Lectura dunha das seguintes obras: *O corazón de Xúpiter (Xerais),* de Ledicia Costas*; Contos por palabras*, de Agustín Fernández Paz; *O que sei do silencio*, deAndrea Maceiras.
3. Lectura de *Cantares gallegos* de Rosalía deCastro.

En función das características específicas do alumnado e das novidades editoriais, as lecturas poden ser modificadas ao longo do curso. Tamén se lle proporcionará ao alumnado unha listaxe ampla e aberta de obras de lectura optativa para subir nota. Ao alumnado que forme parte do "Club de lectura" teránselle en conta as lecturas feitas en lingua galega no club como unha lectura optativa.

**4º ESO**

1. Lectura dunha das seguintes obras: *Camiños na auga*, de Manuel Núñez Singala; *Sete caveiras*, de Elena Gallego Abad *O corazón de Branca de Neve* (Galaxia), de Francisco Castro.
2. Lectura dunha das seguintes obras: *Os dous de sempre*, de Daniel Rodríguez Castelao ou *A esmorga* de Eduardo BlancoAmor.
3. *A caixiña dos rancores* (Xerais) de HéctorCajaraville.

En función das características específicas do alumnado e das novidades editoriais, as lecturas poden ser modificadas ao longo do curso. Tamén se lle proporcionará ao alumnado unha listaxe ampla e aberta de obras de lectura optativa para subir nota. Ao alumnado que forme parte do "Club de lectura" teránselle en conta as lecturas feitas en lingua galega no club como unha lectura optativa.

**BACHARELATO**

No Bacharelato optarase por listaxes abertas de lectura que buscarán adaptarse á diversidade de gustos do alumnado, intentando combinar a lectura dos clásicos (facendo énfase naqueles que entran no programa de cada curso) coas traducións á nosa lingua e as novidades do mercado editorial. Como punto de partida, estas son as opcións para 1º de Bacharelato:

Alfaya, An. *Vía secundaria**. Ed. Xerais Ameixeiras, Diego. *Dime algo sucio*. Ed. Xerais Aneiros, Rosa. *Resistencia*. Ed. Xerais
Caamaño, Begoña. *Circe ou o pracer azul*. Ed. Galaxia. Calveiro, Marcos. *Settecento.* Ed. Xerais
Costas, Ledicia. *Un animal chamado néboa*. Ed. Xerais

De Toro, Suso. *Non volvas*. Ed. Xerais / *Fóra de si*. Ed. Xerais
Feijoo Barreiro, Pedro. *Os fillos do mar***. Ed. Xerais / *A memoria da choiva***. Ed. Xerais / *Os fillos do lume***. Ed. Xerais
Fernández, Miguel Anxo. *Lume de cobiza*. Ed. Galaxia / *Bícame, Frank*. Ed. Galaxia Fernández Ferreiro, Xosé. *Agosto do 36*. Ed. Xerais
Lopo, Santiago. *A diagonal dos tolos*. Ed. Galaxia / *A arte de trobar*. Ed. Xerais Miranda, Xosé. *Morning Star*. Ed. Xerais
Neira Cruz, Xosé Antonio. *O sono das sereas*. Ed. Galaxia Navaza, Gonzalo. *Erros e Tánatos**. Ed. Xerais
P. Lorenzo, Fran. *Cabalos e lobos*. Ed. Xerais Portas, Manuel. *Faneca brava*. Ed. Xerais
Queipo, Xavier. *Papaventos*. Ed. Xerais / *Extramunde***. Ed. Xerais Queizán, Mª Xosé. *Amor de tango / Ten o seu punto a fresca rosa*. Ed. Xerais Reigosa, Carlos. *A lei das ánimas*. Ed.Galaxia
Riveiro, Antón. *Laura no deserto** / As rulas* de Bakunin. Ed.Galaxia Ruibal, Rubén. *Limpeza de sangue**. Ed.Xerais
Vidal Bolaño, Roberto. *Saxo tenor**. Ed.Xerais
Villar, Domingo. *Ollos de auga*. Ed. Galaxia / *A praia dos afogados*. Ed. Galaxia

* só como lectura obrigatoria dun trimestre ou como lectura complementaria
** equivale a lectura obrigatoria + complementaria

En 2º de Bacharelato ofrécese un programa de lecturas optativas. Neste programa de lectura, amplo e variado, só son válidos os títulos propostos polo profesor, que se poderán aumentar, reducir ou variar en función das necesidades do alumnado. O control das lecturas realizarase mediante probas orais ou escritas ás que os alumnos se deben de presentar co libro. Estas son as propostas de lectura para o inicio do curso:

Agnello Hornby, Simonetta. ***A Mennulara*** (Premio de Novela Europea 2004) (Vigo, Galaxia, 2005. 320 páxs.)
Calveiro, Marcos. ***Settecento*** (2010) (Vigo, Xerais, 2010. 192 páxs.)
Casares Mouriño, Carlos. ***O sol do verán*** (2002) (Vigo, Galaxia, 2002. 240 páxs.)
Fernández Ferreiro, Xosé. ***Corrupción e morte de Brigitte Bardot*** (1981) (Vigo, Xerais,1992. 208 páxs.)
Gonsar, Camilo. ***A noite da aurora*** (2003) (Vigo, Galaxia, 2003. 206 páxs.)
González Reigosa, Carlos. ***A guerra do tabaco*** (1996) (Vigo, Xerais, 1996. 216 páxs.)
Ishiguro, Kazuo. ***Nocturnos*** (2009) (Vigo, Galaxia, 2010. 216páxs.)
Ishiguro, Kazuo. ***Non me deixes nunca*** (2005) (Vigo, Galaxia, 2007. 417páxs.)
Méndez Ferrín, Xosé Luís. ***Arraianos*** (1991)(Vigo, Xerais, 2000. 177 páxs.)
Monteagudo Folgar, Xosé. ***As voces da noticia*** (2002) (Vigo, Galaxia, 2002. 365 páxs.)

Navaza, Gonzalo. ***Erros e Tánatos*** (1996) (Vigo, Xerais, 2013. 128 páxs.)
Oksanen, Sofi. ***Purga*** (2008) (Cangas,Rinoceronte,2011. 345 páxs.)
Paasilinna, Arto. ***O bosque dos raposos aforcados*** (Cangas,Rinoceronte,2006. 258 páxs.)
Pena, Xosé Ramón. ***Fado de Princesa*** (2005) (Vigo, Galaxia, 2005. 225 páxs.)
Rivas Barros, Manuel. ***Todo é silencio*** (2010) (Vigo:Galaxia,2010. 278páxs.)
Vidal Blanco, Francisco Antonio. ***Os pecados capitais*** (2007) (Vigo, Xerais, 2007. 229páxs.)
Villanueva, Xosé Manuel. ***Cuarteto con piano***(2003) (Vigo, Xerais, 2003. 581páxs.)
Villar, Domingo. ***O último barco*** (2019) (Vigo, Galaxia, 2009. 800 páxs.)
Waters, Sarah. ***Rolda nocturna*** (Premio Novela Europea Casino de Santiago 2008) *(Vigo, Galaxia, 2009. 524páxs.)*

Esta listaxe é só orientativa e irase modificando para adaptarse ás indicacións do profesor ou profesora, ao gusto dos alumnado e ás novidades que vaian saíndo.

## 7. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO (1º e 2º DEESO)

Ao inicio do curso e ao comezar cada unha das unidades didácticas comprobaranse os coñecementos previos do alumnado de cada grupo mediante unha **avaliación inicial** que se baseará, segundo o criterio do profesor, nunha proba escrita ou nas intervencións orais do alumnado na clase. Os seus resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, polo tanto, non afectarán ás cualificacións dos alumnos. A avaliación inicial realizarase de forma oral, ao inicio cada tema e, só se o profesor o considera necesario e contribúe a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, levaranse a cabo probas individuais que inclúan actividades de lectura, expresión e comprensión oral e escrita, así como exercicios de gramática.

**Os alumnos e alumnas serán informados continuamente dos seus progresos** no proceso de aprendizaxe a través das indicacións que se lles vaian dando: correccións das distintas probas escritas previstas, interacción na aula, revisión do caderno de clase e corrección dos exercicios e traballos propostos. Unha vez ao trimestre informarase de xeito formalizado, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais/nais e ao alumnado da evolución deste por medio da cualificación da avaliación (que se calculará de acordo coas especificacións recollidas máis adiante) e das observacións que se fagan chegar, de ser o caso, aos titores ou titoras de cada grupo.

Ao remate do curso, e dentro dos prazos establecidos legalmente, valorarase o rendemento académico do alumnado e a súa dedicación e esforzo a través da **cualificación final**, que se determinará tendo en conta as especificacións e criterios de cualificación que se detallan nos puntos seguintes. Cómpre subliñar que as cualificacións trimestrais teñen, ademais da finalidade formativa á que se fai referencia no apartado

anterior, unha compoñente sumativa, xa que se toman como base para determinar a cualificación final de xuño.

Os **procedementos ou técnicas que se prevé empregar para avaliar** o progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe son os seguintes: probas escritas, probas orais, observación sistemática do traballo e a actitude do alumnado na clase, traballos individuais e en grupo realizados na casa ou na clase, presentacións e exposicións orais dos traballos, probas orais ou escritas que acrediten a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios establecidos para cada nivel e caderno de clase dos alumnos

Cómpre lembrar, por máis que pareza evidente, que todas estas actividades deberán desenvolverse en galego, sendo este un requisito imprescindible para a súa cualificación positiva, porque non se poden desenvolver as competencias orais e escritas nunha lingua que non se usa e porque, ademais do rendemento académico dos alumnos e alumnas, debe valorarse a súa dedicación e o seu esforzo. Non hai que esquecer que un dos obxectivos fundamentais desta materia é que o alumnado aprenda a expresarse oralmente e por escrito con corrección e adaptación aos diferentes contextos e que, se non acadan un dominio aceptable da nosa lingua, nunca poderán ser libres de empregala cando odesexen.

Considerando que os **instrumentos de avaliación** son os documentos ou rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno, serán de dous tipos: as propias producións dos alumnos (probas orais e escritas, traballos, caderno de clase, fichas ou probas de lectura) e o caderno do profesor no que se recollerán os resultados da observación diaria na aula.

**Criterios de cualificación**

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

| APARTADOS | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | OBSERVACIÓNS | PONDERACIÓN |
|---|---|---|---|
| A | Exames e traballos escritos e orais establecidos pola profesora ou profesor de cada grupo | Cada exame valorarase de 0 a 10 puntos podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas (esixirase unha nota mínima dun 3,5 para facer media). | 60%(1º ESO)<br>50%(2º ESO) |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B** | Exercicios e actividades orais e escritas realizadas na clase ou na casa e caderno de clase | A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos e será o resultado da media das cualificacións destas actividades. | 20% |
| **C** | Rúbricas de exposicións orais | A profesora valorará de 0 a 10 puntos unha exposición oral cada avaliación | 10(1º ESO)<br>20%(2º ESO) |
| **D** | Probas orais ou escritas de lectura[1] | A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos | 10% |

A valoración do **apartado A** farase de acordo cos seguintes criterios:
Obviamente, o emprego do galego, tanto oralmente como por escrito, é absolutamente imprescindible para aprobar. Cómpre lembrar, neste sentido, que non hai outro xeito deacadar unha competencia axeitada dunha lingua que usándoa. Nas probas escritas, os exames incluirán unha **parte teórica** e unha **parte práctica**,representando cada unha delas como mínimo un 30% da proba. Sobre a cualificación global do exame poderanse descontar ata un máximo de dous puntos por erros ortográficos. Distinguiranse entre erros moi graves (solucións alleas ao sistema lingüístico galego) que se penalizarán con 0,2 puntos, erros graves (solucións contrarias ás convencións ortográficas e á norma lingüística) que se penalizarán con 0,1 puntos e erros leves (solucións discordantes co modelo estándar vixente) que se penalizarán con 0,05 puntos. No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando, retiraráselle o exame e será cualificado cun 0 (cero). O uso do teléfono móbil está completamente prohibido nos exames e considerarase, a todos os efectos, como unha forma decopiar.

1 Cada profesor ofrecerá ao seu alumnado unha serie aberta de lecturas optativas, que servirán para mellorar a nota de cada avaliación de acordo cos criterios establecidos naclase.

No **apartado B** valoraranse os traballos e exercicios escritos do seguinte xeito: os contidos suporán o 80% da nota, a presentación o 10% e a redacción o 10%. Os exercicios e traballos non presentados dentro do prazo esixido polo profesor cualificaranse cun 0. Baseándose na súa observación diaria da clase, valorará positivamente a atención prestada ás explicacións por parte do alumnado, o respecto polos seus compañeiros e pola profesora, o seu esforzo á hora de facer os traballos e exercicios, o seu grao de participación na clase, a súa actitude positiva con respecto á materia e o seu interese por aprender. Os alumnos e alumnas que non empreguen o galego oralmente e por escrito en todas as actividades desenvolvidas ao longo do curso serán cualificados cun 0 neste apartado.

No **apartado C** o profesor, no caso dos exercicios orais e as exposicións e presentacións dos traballos os contidos representarán un 50% da nota e a fluidez e corrección lingüística outro 50%.

No **apartado D** valorarase que o alumnado demostre a lectura do libro e a súa correcta expresión oral ou escrita, segundo o carácter da proba.

Tendo en conta todo o anterior a cualificación de cada trimestre aparecerá indicada en cifras, podendo expresarse ata dous decimais, e obterase do seguinte xeito:

**CUALIFICACIÓN =Ax0,6+Bx0,2+Cx0,1+Dx0,1.**

Segundo o establecido pola normativa vixente, **as cualificacións serán consignadas na acta e no boletín correspondentes**. Expresaranse utilizando as etiquetas de insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais. Considerarase como negativa a cualificación de insuficiente e como positivas todas asdemais.

A nota mínima para obter un aprobado é o 5. Por riba desta cualificación farase un redondeo, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior se é inferior.

**Probas derecuperación**

O alumnado que na avaliación obteña cualificacións negativas terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación. A nota obtida nesta proba representará o 70% da cualificación, á que se lle engadirán as porcentaxes correspondentes aos apartados B, C e D. Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

As probas de recuperación da primeira avaliación terán lugar ao longo do segundo trimestre, nas datas indicadas polo profesor aos alumnos afectados, as da segunda avaliación faranse no terceiro trimestre e as da terceira a final de curso, nos derradeiros días lectivos de xuño.

**Avaliación final ordinaria de xuño**

A cualificación da avaliación final ordinaria do mes de xuño será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Cómpre ter en conta que para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións, aínda que, excepcionalmente, tamén poderán aprobar os alumnos cunha avaliación suspensa se a nota non é inferior a 3 puntos e a media de todas as avaliacións é igual ou superior a 5 puntos.

**Avaliación final extraordinaria desetembro**

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria de xuño poderá realizar outra proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e o horario fixado polo Centro. Esta proba será cualificada de 0 a 10 e considerarase superada se a puntuación obtida é igual ou superior a 5 puntos.

**ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO (3º E 4º DEESO)**

Ao inicio do curso e ao comezar cada unha das unidades didácticas comprobaranse os coñecementos previos do alumnado de cada grupo mediante unha **avaliación inicial** que se baseará, segundo o criterio do profesor, nunha proba escrita ou nas intervencións orais do alumnado na clase. Os seus resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, polo tanto, non afectarán ás cualificacións dos alumnos. A avaliación inicial realizarase de forma oral, ao inicio cada tema e, só se o profesor o considera necesario e contribúe a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, levaranse a cabo probas individuais que inclúan actividades de lectura, expresión e comprensión oral e escrita, así como exercicios de gramática.

**Os alumnos e alumnas serán informados continuamente dos seus progresos** no proceso de aprendizaxe a través das indicacións que se lles vaian dando: correccións das distintas probas escritas previstas, interacción na aula, revisión do caderno de clase e corrección dos exercicios e traballos propostos. Unha vez ao trimestre informarase de xeito formalizado, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais/nais e ao alumnado da evolución deste por medio da cualificación da avaliación (que se calculará de acordo coas especificacións recollidas máis adiante) e das observacións que se fagan chegar, de ser o caso, aos titores ou titoras de cada grupo.

Ao remate do curso, e dentro dos prazos establecidos legalmente, valorarase o rendemento académico do alumnado e a súa dedicación e esforzo a través da **cualificación final**, que se determinará tendo en conta as especificacións e criterios de cualificación que se detallan nos puntos seguintes. Cómpre subliñar que as cualificacións trimestrais teñen, ademais da finalidade formativa á que se fai referencia no apartado anterior, unha compoñente sumativa, xa que se toman como base para determinar a cualificación final de xuño.

Os **procedementos ou técnicas que se prevé empregar para avaliar** o progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe son os seguintes: probas escritas, probas orais, observación sistemática do traballo e a actitude do alumnado na clase, traballos individuais e en grupo realizados na casa ou na clase, presentacións e exposicións orais dos traballos, probas orais ou escritas que acrediten a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios establecidos para cada nivel e caderno de clase dos alumnos

Cómpre lembrar, por máis que pareza evidente, que todas estas actividades deberán desenvolverse en galego, sendo este un requisito imprescindible para a súa cualificación positiva, porque non se poden desenvolver as competencias orais e escritas nunha lingua que non se usa e porque, ademais do rendemento académico dos alumnos e alumnas, debe valorarse a súa dedicación e o seu esforzo. Non hai que esquecer que un dos obxectivos fundamentais desta materia é que o alumnado aprenda a expresarse oralmente e por escrito con corrección e adaptación aos diferentes contextos e que, se non acadan un dominio aceptable da nosa lingua, nunca poderán ser libres de empregala cando odesexen.

Considerando que os **instrumentos de avaliación** son os documentos ou rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna, serán de dous tipos: as propias producións dos alumnos e alumnas (probas orais e escritas, traballos, caderno de clase, fichas ou probas de lectura) e caderno do profesor no que se recollerán os resultados da observación diaria na aula.

**Criterios de cualificación 3ºESO**

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

| APARTADOS | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | OBSERVACIÓNS | PONDERACIÓN |
|---|---|---|---|
| **A** | Exames escritos e orais establecidos pola profesora de cada grupo | Cada exame valorarase de 0 a 10 puntos podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas (esixirase unha nota mínima dun 3,5 para facer media). | 60% |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B** | Exercicios e actividades orais e escritas realizadas na clase ou na casa, caderno de clase e caderno da profesora: rexistro das incidencias da actitude do alumnado na clase | A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos e será o resultado da media das cualificacións das actividades, o caderno de clase e a atención, esforzo, interese e participación. | 30% |
| **C** | Probas orais ou escritas de lectura[2] | A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos | 10% |

A valoración do **apartado A** farase de acordo cos seguintes criterios:

Nas probas escritas os exames incluirán unha parte teórica e unha parte práctica, representando cada unha delas como mínimo un 30% da proba. Sobre a cualificación global do exame poderanse descontar ata un máximo de dous puntos por erros ortográficos. Distinguiranse entre erros moi graves (solucións alleas ao sistema lingüístico galego) que se penalizarán con 0,2 puntos, erros graves (solucións contrarias ás convencións ortográficas e á norma lingüística) que se penalizarán con 0,1 puntos e erros leves (solucións discordantes co modelo estándar vixente) que se penalizarán con 0,05 puntos. No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando, retiraráselle o exame e será cualificado cun 0 (cero). O uso do teléfono móvil está completamente prohibido nos exames e considerarase, a todos os efectos, como unha forma de copiar.

2 Cada profesor ofrecerá ao seu alumnado unha serie aberta de lecturas optativas, que servirán para mellorar a nota de cada avaliación de acordo cos criterios establecidos naclase.

No **apartado B** valoraranse os traballos e exercicios escritos do seguinte xeito: os contidos suporán o 80% da nota, a presentación o 10% e a redacción o 10%. No caso dos exercicios orais e as exposicións e presentacións dos traballos os contidos representarán un 50% da nota e a fluidez e corrección lingüística outro 50%. Os exercicios e traballos non presentados dentro do prazo esixido polo profesor cualificarase cun 0.

Tamén neste apartado, o profesor, baseándose na súa observación diaria da clase, valorará positivamente a atención prestada ás explicacións por parte dos alumnos, o respecto polos seus compañeiros e polo

profesor, o seu esforzo á hora de facer os traballos eexercicios, o seu grao de participación na clase, a súa actitude positiva con respecto á materia e o seu interese poraprender...

No **apartado C** valorarase que o alumnado demostre a lectura do libro e a súa correcta expresión oral ou escrita, segundo o carácter da proba.

Tendo en conta todo o anterior, a cualificación de cada trimestre aparecerá indicada en cifras, podendo expresarse ata dous decimais, e obterase do seguinte xeito:

**CUALIFICACIÓN = Ax0,6+Bx0,3+Cx0,1.**

Segundo o establecido pola normativa vixente, **as cualificacións serán consignadas na acta e no boletín correspondentes**. Expresaranse utilizando as etiquetas de insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais. Considerarase como negativa a cualificación de insuficiente e como positivas todas asdemais.

A nota mínima para obter un aprobado é o 5. Por riba desta cualificación farase un redondeo, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior se é inferior.

**4ºESO**

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

| APARTADOS | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | OBSERVACIÓNS | PONDERACIÓN |
|---|---|---|---|
| **A** | Exames escritos e orais establecidos polo profesor de cada grupo | Cada exame valorarase de 0 a 10 puntos podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas (esixirase unha nota mínima dun 3,5 para facer media). | 80% |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B** | Exercicios e actividades orais e escritas realizadas | A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos | 10% |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | na clase ou na casa e caderno da profesora. | e será o resultado da media das cualificacións das actividades, a atención, o esforzo, o interese e a participación. | |
| **C** | Probas orais ou escritas de lectura[3] | A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos | 10% |

A valoración do **apartado A** farase de acordo cos seguintes criterios:

Obviamente, o emprego do galego, tanto oralmente como por escrito, é absolutamente imprescindible para aprobar. Cómpre lembrar, neste sentido, que non hai outro xeito deacadar unha competencia axeitada dunha lingua que usándoa. Nas probas escritas, os exames incluirán unha **parte teórica** e unha **parte práctica**, representando cada unha delas como mínimo un 30% da proba. Sobre a cualificación global do exame poderanse descontar ata un máximo de dous puntos por erros ortográficos. Distinguiranse entre erros moi graves (solucións alleas ao sistema lingüístico galego) que se penalizarán con 0,2 puntos, erros graves (solucións contrarias ás convencións ortográficas e á norma lingüística) que se penalizarán con 0,1 puntos e erros leves (solucións discordantes co modelo estándar vixente) que se penalizarán con 0,05 puntos. No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando, retiraráselle o exame e será cualificado cun 0 (cero). O uso do teléfono móbil está completamente prohibido nos exames e considerarase, a todos os efectos, como unha forma decopiar.

No **apartado B** valoraranse os traballos e exercicios escritos do seguinte xeito: os contidos suporán o 60% da nota, a presentación o 10% e a corrección lingüística o 30%. No caso dos exercicios orais e as exposicións e presentacións dos traballos os contidos representarán un 50% da nota e a fluidez e corrección lingüística outro 50%. Os exercicios e traballos non presentados dentro do prazo esixido polo profesor cualificarase cun 0.

Tamén, neste apartado, o profesor, baseándose na súa observación diaria da clase, valorará positivamente a atención prestada ás explicacións por parte dos alumnos, o respecto polos seus compañeiros e polo profesor, o seu esforzo á hora de facer os traballos eexercicios, o seu grao de participación na clase, a súa actitude positiva con respecto á materia, o seu interese poraprender...

No **apartado C** valorarase que o alumnado demostre a lectura do libro e a súa correcta expresión oral ou escrita, segundo o carácter da proba.

Tendo en conta todo o anterior, a cualificación de cada trimestre aparecerá indicada en cifras, podendo expresarse ata dous decimais, e obterase do seguinte xeito:

**CUALIFICACIÓN = Ax0,8+Bx0,1+Cx0,1.**

Segundo o establecido pola normativa vixente, **as cualificacións serán consignadas na acta e no boletín correspondentes**. Expresaranse en cifras, utilizando a escala numérica do 0 ao 10 e considerando positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a5.

3 Cada profesor ofrecerá ao seu alumnado unha serie aberta de lecturas optativas, que servirán para mellorar a nota de cada avaliación de acordo cos criterios establecidos naclase.

A nota mínima para obter un aprobado é o 5. Nos outros casos farase un redondeo, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior se é inferior.

**Probas derecuperación**

O alumnado que na avaliación obteña cualificacións negativas terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación. A nota obtida nesta proba representará o 80% da cualificación, á que se lle engadirán as porcentaxes correspondentes aos apartados B e C. Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

As probas de recuperación da primeira avaliación terán lugar ao longo do segundo trimestre, nas datas indicadas polo profesor aos alumnos afectados, as da segunda avaliación faranse no terceiro trimestre e as da terceira a final de curso, nos derradeiros días lectivos de xuño.

**Avaliación final ordinaria dexuño**

A cualificación da avaliación final ordinaria do mes de xuño será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Cómpre ter en conta que para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións, aínda que, excepcionalmente, tamén poderán aprobar os alumnos cunha avaliación suspensa se a nota non é inferior a 3 puntos e a media de todas as avaliacións é igual ou superior a 5 puntos.

Os alumnos e alumnas exentos que non cumpran co requisito obrigatorio de asistencia a clase ou que non teñan unha actitude axeitada nelas segundo os parámetros recollidos na lei deberán presentarse a un exame final de toda a materia.

**Avaliación final extraordinaria desetembro**

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria de xuño poderá realizar outra proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e o horario fixado polo Centro. Esta proba será cualificada de 0 a 10 e considerarase superada se a puntuación obtida é igual ou superior a 5 puntos.

**BACHARELATO (1º E 2º DE BACHARELATO)**

**IMPORTANTE**

Este ano, excepcionalmente, e por causa da pandemia, debeu adoptarse unha medida extraordinaria para poder proporcionar un entorno minimamente seguro tanto para o alumnado como para o profesorado, consistente nun ensino semipresencial, no que unha cuarta parte do alumnado de cada clase do Bacharelato permanece no seu domicilio durante unha semana e tres, a continuación, presenciais no centro. Para o seguimento da materia deste alumnado, farase un uso dende principio de curso da Aula Virtual, na que se aportarán todos os medios necesarios para o alumnado (apuntes, exercicios, seguimento da programación, foro de novas…).

Ao inicio do curso e ao comezar cada unha das unidades didácticas comprobaranse os coñecementos previos do alumnado de cada grupo mediante unha **avaliación inicial** que se baseará, segundo o criterio do profesor, nunha proba escrita ou nas intervencións orais do alumnado na clase. Os seus resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, polo tanto, non afectarán ás cualificacións dos alumnos. A avaliación inicial realizarase de forma oral, ao inicio cada tema e, só se o profesor o considera necesario e contribúe a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, levaranse a cabo probas individuais que inclúan actividades de lectura, expresión e comprensión oral e escrita, así como exercicios de gramática.

**Os alumnos e alumnas serán informados continuamente dos seus progresos** no proceso deaprendizaxe a través das indicacións que se lles vaian dando: correccións das distintas probas escritas previstas, interacción na aula e corrección dos exercicios e traballos propostos. Unha vez ao trimestre informarase de xeito formalizado, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais/nais e ao alumnado da evolución

deste por medio da cualificación da avaliación (que se calculará de acordo coas especificacións recollidas máis adiante) e das observacións que se fagan chegar, de ser o caso, aos titores ou titoras de cada grupo.

Ao remate do curso, e dentro dos prazos establecidos legalmente, valorarase o rendementoacadémico do alumnado e a súa dedicación e esforzo a través da **cualificación final**, que se determinará tendo en conta as especificacións e criterios de cualificación que se detallan nos puntos seguintes. Cómpre subliñar que as cualificacións trimestrais teñen, ademais da finalidade formativa á que se fai referencia no apartado anterior, unha compoñente sumativa, xa que se toman como base para determinar a cualificación final de xuño.

Os **procedementos ou técnicas que se prevé empregar para avaliar** o progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe son os seguintes: probas escritas, probas orais, observación sistemática do traballo e a actitude do alumnado na clase, traballos individuais e en grupo realizados na casa ou na clase, presentacións e exposicións orais dos traballos, probas orais ou escritas que acrediten a lectura de, cando menos, un libro cadaavaliación.

Cómpre lembrar, por máis que pareza evidente, que todas estas actividades deberán desenvolverse en galego, sendo este un requisito imprescindible para a súa cualificación positiva, porque non se poden desenvolver as competencias orais e escritas nunha lingua que non se usa e porque, ademais do rendemento académico dos alumnos e alumnas, debe valorarse a súa dedicación e o seu esforzo. Non hai que esquecer que un dos obxectivos fundamentais desta materia é que o alumnado aprenda a expresarse oralmente e por escrito con corrección e adaptación aos diferentes contextos e que, se non acadan un dominio aceptable da nosa lingua, nunca poderán ser libres de empregala cando odesexen.

Considerando que os **instrumentos de avaliación** son os documentos ou rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno, serán de dous tipos: as propias producións dos alumnos (probas orais e escritas, traballos, fichas ou probas de lectura) e o caderno do profesor no que se recollerán os resultados da observación diaria na aula.

Esteano, excepcionalmente, e por causa da pandemia, debeu adoptarse unha medida extraordinaria para poder proporcionar un entorno minimamente seguro tanto para o alumnado como para o profesorado, consistente nun ensino semipresencial, no que unha cuarta parte do alumnado de cada clase do Bacharelato permanece no seu domicilio durante unha semana e tres, a continuación, presenciais no centro. Para o seguimento da materia deste alumnado, farase un uso dende principio de curso da Aula Virtual, na que se aportarán todos os medios necesarios para o alumnado (apuntes, exercicios, seguimento da programación, foro de novas…

**Criterios de cualificación**

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

| APARTADOS | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | OBSERVACIÓNS | PONDERACIÓN |
|---|---|---|---|
| **A** | Exames escritos e orais establecidos polo profesor de cada grupo | Cada exame valorarase de 0 a 10 puntos podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas (esixirase unha nota mínima dun 3,5 para facer media). | 80% |
| **B** | Exercicios e actividades orais e escritas realizadas na clase ou na casa e caderno do profesor. | A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos e será o resultado da media das cualificacións das actividades, a atención, o esforzo, o interese e a participación. | 10% |
| **C** | Probas orais ou escritas de lectura[4] | A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos | 10% |

A valoración do **apartado A** farase de acordo cos seguintes criterios:

Obviamente, o emprego do galego, tanto oralmente como por escrito, é absolutamente imprescindible para aprobar. Cómpre lembrar, neste sentido, que non hai outro xeito deacadar unha competencia axeitada dunha lingua que usándoa. Nas probas escritas, os exames incluirán unha **parte teórica** e unha **parte práctica**, representando cada unha delas como mínimo un 30% da proba. Sobre a cualificación global do exame poderanse descontar ata un máximo de dous puntos por erros ortográficos. Distinguiranse entre erros moi graves (solucións alleas ao sistema lingüístico galego) que se penalizarán con 0,2 puntos, erros graves (solucións contrarias ás convencións ortográficas e á norma lingüística) que se penalizarán con 0,1

puntos e erros leves (solucións discordantes co modelo estándar vixente) que se penalizarán con 0,05 puntos. No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando, retiraráselle o exame e será cualificado cun 0 (cero). O uso do teléfono móbil está completamente prohibido nos exames e considerarase, a todos os efectos, como unha forma decopiar.

No **apartado B** valoraranse os traballos e exercicios escritos do seguinte xeito: os contidos suporán o 60% da nota, a presentación o 10% e a corrección lingüística o 30%. No

4 Cada profesor ofrecerá ao seu alumnado unha serie aberta de lecturas optativas, que servirán para mellorar a nota de cada avaliación de acordo cos criterios establecidos naclase.

caso dos exercicios orais e as exposicións e presentacións dos traballos os contidos representarán un 50% da nota e a fluidez e corrección lingüística outro 50%. Os exercicios e traballos non presentados dentro do prazo esixido polo profesor cualificarase cun 0.

Tamén, neste apartado, o profesor, baseándose na súa observación diaria da clase, valorará positivamente a atención prestada ás explicacións por parte dos alumnos, o respecto polos seus compañeiros e polo profesor, o seu esforzo á hora de facer os traballos eexercicios, o seu grao de participación na clase, a súa actitude positiva con respecto á materia, o seu interese poraprender...

No **apartado C** valorarase que o alumnado demostre a lectura do libro e a súa correcta expresión oral ou escrita, segundo o carácter da proba.

Tendo en conta todo o anterior, a cualificación de cada trimestre aparecerá indicada en cifras, podendo expresarse ata dous decimais, e obterase do seguinte xeito:

**CUALIFICACIÓN = Ax0,8+Bx0,1+Cx0,1.**

Segundo o establecido pola normativa vixente, **as cualificacións serán consignadas na acta e no boletín correspondentes**. Expresaranse en cifras, utilizando a escala numérica do 0 ao 10 e considerando positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5.
A nota mínima para obter un aprobado é o 5. Nos outros casos farase un redondeo, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior se é inferior.

### 7.3.2. Probas de recuperación

O alumnado que na avaliación obteña cualificacións negativas terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación. A nota obtida nesta proba representará o 80% da cualificación, á que se lle engadirán as porcentaxes correspondentes aos apartados B e C. Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

As probas de recuperación da primeira avaliación terán lugar ao longo do segundo trimestre, nas datas indicadas polo profesor aos alumnos afectados, as da segunda avaliación faranse no terceiro trimestre e as da terceira a final de curso, nos derradeiros días lectivos.

### 7.3.3. Avaliación final ordinaria

A cualificación da avaliación final ordinaria dos meses de maio ou xuño será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.
Cómpre ter en conta que para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións, aínda que, excepcionalmente, tamén poderán aprobar os alumnos e alumnas cunha avaliación suspensa se a nota non é inferior a 3 puntos e a media de todas as avaliacións é igual ou superior a 5 puntos.
Segundo o RRI, o alumnado que falte reiteradamente a clase perderá o dereito á asistencia a clase e á avaliación continua se acumulan máis de 10 faltas sen xustificar, co cal a súa avaliación consistirá nun exame final de toda a materia que incluirá preguntas sobre os libros de lectura. Os alumnos e alumnas exentos que non cumpran co requisito obrigatorio de asistencia a clase ou que non teñan unha actitude axeitada nelas segundo os parámetros recollidos na lei deberán presentarse tamén a este exame.

### 7.3.4. Avaliación final extraordinaria

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria poderá realizar outra proba extraordinaria, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e o horario fixado polo Centro.
No caso do alumnado de persoas adultas de 2º matriculado da materia de 1º que teña a posibilidade de titular no curso 2020/2021, poderá optar entre un calendario de avaliacións compatible coas ABAU, adiantando as probas das materias de primeiro, ou manter o calendario xeral de primeiro curso. Con anterioridade ao 23 de abril de 2021, cada alumno/a nesta situación deberá comunicar a data elixida á dirección do centro
No caso de alumnado de persoas adultas matriculado só da materia de 2º, a avaliación extraordinaria poderá realizarse, a elección do alumnado, no mes de xuño (en datas que permitan presentarse á convocatoria extraordinaria da ABAU) ou no mes de setembro. Así pois, antes do 28 de maio de 2021, cada alumno/a deberá comunicar a data elixida á dirección do centro.
Esta proba será cualificada de 0 a 10 e considerarase superada se a puntuación obtida é igual ou superior a 5 puntos.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICADOCENTE

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente farase tendo en conta os seguintes indicadores:

**a) Planificación:**

1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento da mesma.
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos deestudantes.
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares deaprendizaxe.
5. Planifica as clases de xeito flexible, prepara actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses doalumnado.
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos ealumnas.

**b) Motivación do alumnado:**

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cadaunidade.
2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos etc.).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súafuncionalidade.
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.
7. Promove a reflexión dos temas tratados.

**c) Desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe:**

1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais,esquemas...
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; ponexemplos...
3. Ten predisposición para aclarardúbidas.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos naaula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
8. Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapaeducativa.
9. Presenta actividades de grupo e individuais.

**d) Seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe:**

1. Realiza (oralmente ou por escrito) a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dosestudantes.
2. Detecta os coñecementos previos do alumnado antes de cada unidade didáctica.
3. Revisa os traballos propostos.
4. Proporciona a información necesaria para a resolución das tarefas e como poder melloralas.
5. Corrixe e explica os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentescontidos.
7. Favorece os procesos de autoavaliación ecoavaliación.
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzadosuficientemente.
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos.
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes.

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES NA ESO

Os alumnos e alumnas dos cursos da ESO que teñan a Lingua Galega pendente serán obxecto dun seguimento especial por parte do profesorado da área. En caso de superaren esta materia no curso no que se atopan actualmente, quedaralles aprobado automaticamente o curso anterior, entendendo o Departamento que quedan cubertos os obxectivos destamaneira.

Este ano, debido á necesidade de non ter o alumnado máis que as horas estritamente necesarias no centro (debido á pandemia), e tendo en conta que hai pouca xente coa materia pendente e que as clases para este alumnado eran en horario extraescolar, viuse a conveniencia de prescindir deste recurso.

## PROCEDEMENTOS PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Os alumnos e alumnas pendentes da ESO que non superen a materia de Lingua Galega e Literatura poderán presentarse a un exame extraordinario nos meses de febreiro, abril e setembro. No exame de febreiro darase a opción de facer un exame de toda a materia ou só a primeira parte, quedando, no caso de escoller esta segunda opción, a segunda parte pendente para o exame de abril (ou toda a materia se non se supera o exame de febreiro).
Para aprobar este exame deberán obter unha cualificación igual ou superior a 5.

## 10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO DE BACHARELATO ACADAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS

Ao igual que o alumnado da ESO, e polas mesmas razóns, este curso non haberá clases extraordinarias de pendentes para este nivel.

### PROCEDEMENTOS PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Os alumnos e alumnas pendentes de Bacharelato que non superen a materia de Lingua Galega e Literatura poderán presentarse a un exame extraordinario nos meses de febreiro, abril e setembro. No exame de febreiro darase a opción de facer un exame de toda a materia ou só a primeira parte, quedando, no caso de escoller esta segunda opción, a segunda parte pendente para o exame de abril (ou toda a materia se non se supera o exame defebreiro).
Para aprobar este exame deberán obter unha cualificación igual ou superior a 5.

## 11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial realizarase de forma oral, ao inicio cada tema e, se o profesor o considera necesario e contribúe a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, levaranse a cabo probas individuais que inclúan actividades de lectura, expresión e comprensión oral e escrita, así como exercicios degramática.
A avaliación inicial proporciona datos sobre os coñecementos previos do alumnado. Esta avaliación está tamén dirixida a detectar necesidades educativas específicas dos alumnos e alumnas. De ser necesario estableceranse as seguintes medidas:

-Atención individual nas clases
-Subministración de material de apoio na aula
-Ampliación do tempo na realización de probas
-Apoios en pequeno grupo
-Realización de tarefas en grupo para facilitar o proceso de aprendizaxe
-Adaptación curricular intensiva

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita no apartado correspondente.

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O feito diferencial que caracteriza á especie humana é unha realidade insalvable que condiciona todo proceso de ensino-aprendizaxe. En efecto, os alumnos e as alumnas son diferentes no seu ritmo de traballo, estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias, etc. Todo iso sitúa aos docentes na necesidade de educar en e para a diversidade.

A expresión "atención á diversidade" non fai referencia a un determinado tipo de alumnos e alumnas (alumnos e alumnas problemáticos, con deficiencias físicas, psíquicas ou sensoriais, etc.), senón a todos os escolarizados en cada clase do centro educativo. Isto supón que a resposta á diversidade dos alumnos e as alumnas debe garantirse dende o mesmo proceso de planificación educativa. De aí que a atención á diversidade se articule en todos os niveis (centro, grupo de alumnos e alumnas, e alumno concreto).

O carácter opcional dalgunhas áreas no último ano, o progresivo carácter optativo ao longo da ESO, os distintos graos de adaptación individualizada, o reforzo educativo, as adaptacións curriculares, a diversificación curricular e os programas de cualificación profesional inicial son os elementos que constitúen unha resposta aberta e flexible aos diferentes problemas que se formulan no proceso educativo.

As leis educativas responden á diversidade co concepto de adaptación curricular. Non se propón un currículo especial para os alumnos e as alumnas con necesidades educativas especiais, senón o mesmo currículo común, adaptado ás necesidades de cada un. Preténdese que estes alumnos e alumnas alcancen, dentro do único e mesmo sistema educativo, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.
Para atender á diversidade, disponse de dous tipos de vías ou medidas: medidas ordinarias ou habituais e medidas específicas ou extraordinarias. As medidas específicas son unha parte importante da atención á diversidade, pero deben ter un carácter subsidiario. As primeiras e máis importantes estratexias para a atención á diversidade adoptaranse no marco de cada centro e de cada aula concreta.

Tendo en conta o anterior, podemos distinguir, dentro das medidas de atención á diversidade aplicadas no noso centro, as **medidas ordinarias**(entre as que podemos destacar a **adaptación do currículo da ESO**, os **reforzos educativos**, a **optatividade** e a **Orientación Educativa e Integración Escolar**) e as **medidas extraordinarias**(como as **adaptacións curriculares**, as **ACI**, os **Programas PMAR** e os Programas de cualificación profesional inicial eESA).

### PROGRAMAS DE MELLORA DO APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO

Os programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento forman parte das medidas extraordinarias de atención á diversidade e teñen por finalidade facilitar que os alumnos e as alumnas, mediante unha metodoloxía específica e unha organización de contidos e materias docurrículo diferente á establecida con carácter xeral, alcance as competencias do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola

vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Estes programas organizaranse segundo o disposto no artigo 20 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

Poderá incorporarse aos Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento en segundo ou terceiro curso de educación secundaria obrigatoria o alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e que se atope nalgunha das seguintes situacións:

- Ter repetido cando menos un curso en calquera etapa (Infantil,Primaria ou Secundaria).
- Ter cursado 1º curso de ESO non estar en condicións de promocionar ao 2º curso (neste caso o alumno incorporarase a un programa de 2 anos).
- Ter cursado 2º curso de ESO e non estar en condicións de promocionar ao 3º curso (neste caso o alumno incorporarase a un programa de un ano).
- Aqueles alumnos que, cursando 3º ESO, non estean en condicións de promocionar ao 4º curso, pod rán incorporarse excepcionalmente a un Programa de mellora da aprendizaxe edorendemento para repetir 3ºcurso.

O procedemento para a incorporación dun alumno ou dunha alumna ao Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento axustarase ao establecido legalmente .

O currículo destes programas incluirá os seguintes ámbitos: Ámbito lingüístico e social (que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente ás materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Xeografía e Historia), Ámbito científico e matemático (que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente ás materias de Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química) e Ámbito de linguas estranxeiras (que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente á materia de Primeira Lingua Estranxeira). Os alumnos e as alumnas que sigan un Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento terán un grupo ordinario de referencia co que cursarán as materias nonpertencentes aosámbitos.

Cada grupo de alumnado que integre un Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento contará cun profesor/a titor/a, que terá entre as súas funcións a orientación do alumnado do programa e a súa atención personalizada, a coordinación do equipo docente que imparte o programa, a relación coas familias e a coordinación co profesorado titor do grupo de referencia de cada alumna e alumno integrante do programa. Cada ámbito específico será impartido por un único profesor ou profesora, pertencente a un dos departamentos didácticos a quen corresponda a atribución docente das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo nocentro.

O Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento concíbese desde un **enfoque metodolóxico funcional**, en que **os contidos curriculares deben tratarse desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado**, **priorizando as aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa**.

A concreción do currículo dos ámbitos, así como as correspondentes programacións didácticas, serán elaboradas nos distintos departamentos didácticos implicados e polas persoas designadas para impartir os ámbitos, coa colaboración da persoa que exerza a xefatura do Departamento de Orientación, a partir das directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica e coordinadas polo/a xefe/a de estudos.

A avaliación do alumnado nos ámbitos que conforman o programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento rexerase polos mesmos parámetros ca a do resto do alumnado do mesmo curso e terá como referente fundamental as competencias e os obxectivos da educación secundaria obrigatoria, así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables. Esta avaliación será continua e diferenciada, segundo os ámbitos do programa e as materias. O alumnado do programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento será avaliado polo profesorado que imparte cada un dos ámbitos e materias, baixo a coordinación do profesorado titor do programa e do profesorado titor do grupo de referencia. As cualificacións dos ámbitos realizarase nos mesmos termos que as materias. O alumnado que acceda a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento con materias pendentes de cursos anteriores realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa, e a avaliación será competencia do profesorado que o imparta, coa colaboración dos departamentos implicados.

**REFORZO EN 1ºESO**

O alumnado de 1º e 2º ESO con dificultades especiais no proceso de aprendizaxe, é dicir, aquel que tendo un desfase curricular grande, precise de reforzos e/ou apoios, normalmente en particular na área de lingua está exento de cursar a 2ª lingua estranxeira (nonoso centro o francés) e no seu lugar terá clases de reforzo. En 1º ESO dedícase unha das dúas horas que corresponderían á materia de Francés ao reforzo das Matemáticas e a outra hora corresponde ao reforzo de Lingua Galega eLiteratura.

A hora semanal de reforzo Lingua Galega e Literatura vaise dedicar, sobre todo, á compresiónlectorae, de acordó co profesor que imparte a materia, ao repaso dos contidos vistos co resto do grupo e que presentan máis dificultades para este alumnado.

**AGRUPAMENTO EN 2ºESO**

En 2º ESO, desde este curso, creouse un agrupamento de xeito análogo ao PMAR que hai en 3º ESO e que dá continuidade ao Agrupamento que hai en 1º ESO. Comparte coPMAR o feito de ser un grupo máis reducido o que permite ter unha atención máis personalizada co alumnado. Aínda que non se establece un currículo en ámbitos, o alumnado ten un profesor do Departamento de Lingua Galega e Literatura para impartir as seguintes materias: Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Xeografía e Historia. Para a materia de Lingua e Literatura Galega séguese o currículo establecido nestaprogramación.

## 13. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN

Os obxectivos esenciais da educación actual non se limitan á formación cultural do seu alumnado, senón que inclúen, ademais, a formación cívico-ética dos alumnos e das alumnas en todos aqueles valores aos que aspira a sociedade, de aí que teñamos en conta non só aspectos conceptuais e/ou habilidades ou procedementos que o alumnado debe adquirir, senón tamén as actitudes, os valores e as normas que será aconsellable traballar desde o punto de vista educativo.

Conscientes disto, temos en conta a transversalidade dos valores. Estes concíbense como o conxunto de contidos pertencentes a campos de coñecemento moi diversos, que deben ser abordados cun enfoque multidisciplinario e que se aprecian de maneira integrada tanto nos obxectivos coma nos contidos de todas as áreas e materias que conforman o currículo.

En suma, asumimos e tratamos os Temas Transversais e a Educación en Valores non como un anexo ou complemento, senón como algo inherente e intrínseco ao propio Proxecto. A modo de resumo, ofrecemos unha listaxe dos Elementos Transversais que traballaremos este ano en 1º, 2º, 3º e 4º daESO:

- **Educación para a Saúde e a Calidade deVida**

Tanto física coma mental e psicolóxica: os problemas do alcohol e o tabaco, a alimentación, o deporte…Este ano especialmente dedicado esta apartado á situación pandémica que estamos a vivir, con especial atención ás medidas de hixiene, distanciamento social, etc.

- **EducaciónAmbiental**

Máximo respecto polo medio no que vivimos e do que vivimos. A ecoloxía é un dos temas máis candentes da actualidade: o cambio climático está a provocar a desaparición de especies do reino animal e vexetal, o desxeo, a suba das temperaturas, o cambio climático…

- **EducaciónSexual**

Acercarse ao mundo do sexo sen tabús nin falsos prexuízos por razón de sexo. Fomentar o respecto ante a igualdade de oportunidades, o equilibrio psicolóxico e sempre tratando de conseguir que as relacións de parella sexan sas, abertas e satisfactorias. Inculcarlles tamén o respecto polas diferentes maneiras de vivir a sexualidades: hetero, homo…

- **Educación do Consumidor**

Formalos na mentalidade de que as compras deben ser as necesarias, evitando no posible fuxir dunha sociedade enormemente mercantilizada de consumo irresponsable. Nun momento dunha importante e crecente deslocalización empresarial, comercial e industrial na busca do maior beneficio, producindo en países pobres do terceiro (e cuarto) mundo e moitas veces mediante a explotación dos obreiros (moitas veces emigrantes doutros países máis pobres) e mesmo vulnerando a idade mínima para traballar, como é o caso da explotación dos nenos.

- **Educación para oLecer**

Ademais de informar sobre os perigos da vida sedentaria, o abuso de videoxogos, televisión, etc., e o acceso indiscriminado ás redes sociais abordaremos os xogos tradicionais e os beneficios da vida ao airelibre.

- **EducaciónViaria**

Este tema é cada vez máis valorado como un aspecto básico de respecto aos demais e a un mesmo. Respectar, como condutor ou viandante, estas normas, redunda nunha redución dos accidentes viarios, tan frecuentes e causa de tantos dramasfamiliares.

No caso do Bacharelato seguirán traballándose os temas transversais desenvolvidos na ESO; mais trataranse, tamén, outros máis acordes coa idade do alumnado deste nivel, en moitos casos xa superior aos 18 anos. Faremos especial énfase nos seguintes:

- **O mundo do traballo e as relaciónslaborais**
- **Os avances técnicos: os seus límiteséticos**
- **A globalización: as vantaxes e desvantaxes nos diferentes ámbitos: política, economía, sociedade, cultura**
- **Aemigración**
- **Amúsica**
- **Oturismo**
- **O cambio climático**

**A Educación enValores**

O propio currículo da materia desenvolve contidos relacionados coa convivencia das linguas no marco do Estado e da Unión Europea, así como a evolución da lingua galega, temas nos que teñen un peso específico os valores de respecto etolerancia.

Tamén no desenvolvemento da materia nos distintos cursos abordamos a educación en valores fomentando actitudes de respecto e convivencia e a solución pacífica de conflitos. Ademais propoñemos lecturas nas que se aprecia a presenza dos valores para o seu comentario crítico. Os valores aos que prestamos maior atenciónson:

- **Educación Ética e Cívica**

A convivencia cotiá, nos diferentes aspectos da vida, precisa que se amose o máximo respecto polas normas básicas, con actitudes sociais solidarias, dos distintos ámbitos e nas diferentes partes do mundo.

- **Educación para aPaz**

Inculcarlle ao alumnado a idea de que a paz entre os distintos pobos e nación do mundoefundamental.Osconflitosnacionaise/ouinternacionaissonoxermeparaviolación das máis elementais regras e dereitos de respecto e convivencia entre as distintas razas e culturas do mundo. Os textos, pois, incidirán nesta idea sobre todo un momento de gran globalización económica que debe estenderse aos ámbitos sociais e culturais.

- **Educación para a Igualdade entre osSexos**

A educación para a igualdade de oportunidades para ambos sexos pódese traballar dende a linguaxe non discriminatoria nas relacións diarias e nos textos empregados; mais tamén na corrección de prexuízos sexistas e discriminatorios (en comportamentos, roles, lingua) ou no potenciamento da autoestima dos dous xéneros por igual. Outros aspectos importantes son a realidade corporal como expresión da propia personalidade ou a igualdade entre sexos en todas as parcelas vitais (traballo, fogar, deporte, lecer…).

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EEXTRAESCOLARES

Nestes momentos, as actividades están suspendidas por mor da pandemia que nos asola. No caso de variaren as circunstancias de forma favorable, o Departamento de Lingua Galega e Literatura contribuirá e colaborará co centro en todas aquelas que lle parezan de interese para o alumnado e organizará as que considere oportunas e adecuadas.

## 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DEMELLORA

A avaliación da programación farase durante todo o curso nas reunións periódicas de departamento e mediante a memoria anual, introducindo os cambios que fose preciso na programación do próximo curso.
Nos primeiros días do curso, os profesores informarán a todo o alumnado de cada un dos grupos dos aspectos máis relevantes da Programación, especialmente os criterios de cualificación e os mínimos esixibles para poder superar o curso. A Programación, ademais, poderá ser consultada por calquera alumno ou alumna que así o solicite e estará dispoñible ao longo do ano para ser consultada por parte de todos os membros da comunidade educativa na páxina web do instituto.

O deseño dos instrumentos de avaliación debe responder á consecución dos obxectivos referenciados nos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe da materia. Cada instrumento de avaliación debe ter distinto peso á hora da cualificación final, polo que haberá que valorar a súa fiabilidade, a súa obxectividade, a súa representatividade, a súa adecuación ao contexto do alumnado, etc. Independentemente dos instrumentos para avaliar que se elixan, as probas deberán adaptarse a cada curso e conter actividades variadas sobre conceptos, procesos e aplicacións que avalíen o nivel de comunicación lingüística adquirida polos estudantes.

No mes de xuño, o departamento reunirase para valorar os resultados dos diferentes grupos. Estudarase se a maioría do alumnado acadou os obxectivos perseguidos e, nos grupos e cursos nos que non sexa así, analizaranse as causas e teranse en conta as opinións dos distintos profesores sobre os aspectos que se poderían mellorar ou os factores que influíron neses resultados non desexados (contidos, temporalización, metodoloxía, materiais e recursos didácticos, etc). Tendoen conta esta reunión faranse, se foren necesarios, os cambios pertinentes na Programación do vindeiro curso académico.

Os profesores do departamento que o consideren útil, pasarán unha enquisa ao alumnado para comprobar cales son, na opinión deste colectivo, os puntos fortes e os puntos débiles do proceso de ensino-aprendizaxe. Se se considera necesario, tamén se revisarán os obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe avaliables da presente programación en relación ao contexto social do instituto e a novas realidades (en particular, intentando incorporar ao ámbito educativo, sempre que sexa posible, as novidades tecnolóxicas que se vaian introducindo na nosa sociedade).

## 16. PROGRAMACIÓN DA ESA

### Introdución

Na educación secundaria obrigatoria para persoas adultas, o ámbito de Comunicación toma como referente os aspectos básicos do currículo referidos ás materias de linguas: lingua galega e lingua castelá, ademais de lingua estranxeira, neste caso inglés, recollidas no anexo II do Decreto 133/2007, do 5 de xullo.

Os aspectos que conforman estas ensinanzas deben articular unha proposta curricular coherente e integradora que lle achegue á formación das persoas adultas un coñecemento axeitado dos mecanismos de comunicación, tanto oral como escrito, sempre coa finalidade da inserción ou consolidación da súa actividade na sociedade actual.

As potencialidades educativas do ámbito da Comunicación, baseadas nos contidos que aborda e nos obxectivos que persegue, debe contribuír activamente á formación das persoas adultas. O contexto no que se move a realidade desta sociedade moderna non se concibe sen a comunicación. Partido de aí e dun xeito práctico que incida nos procedementos, inténtase que o alumnado adquira ou reforce a súa capacidade para tratar de explicar e describir o mundo que nos rodea, interpretando e transmitindo os coñecementos e a cultura dun xeito eficaz.

A mellora partirá, en boa medida, dun reforzamento dos procedementos, tendo en conta as capacidades individuais das que se parte de inicio, pois a heteroxeneidade de alumnado que acode á aula provoca moitas diferenzas denivel.

Incidirase no recoñecemento e na comprensión de textos, así como na composición ou elaboración de textos escritos ou expositivos, para así reforzar ou adquirir a competencia lingüística axeitada para enfrontarse aos problemas comunicativos de cada día.

Tampouco debemos esquecer que na educación das persoas adultas, o currículo do ámbito de Comunicación debe ter en conta o saber do que parte o alumnado, todo un conxunto de experiencias e de coñecementos adquiridos ao longo da súa traxectoria vital, na situación familiar, na experiencia laboral e noutros ámbitos, así como o grao de madureza que presenta.

O desafío ao que se enfronta este currículo é claro: procuramos que melloren os procedementos de adquisición do que denominamos bens culturais e o seu hábito comunicativo, o que levará consigo unha mellora da súa cualificación persoal, social e cultural.

**Obxectivos**

1. Coñecer, respectar e valorar a realidade plurilingüe e cultural de España, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representan as linguas do Estado e as súas variedades lingüísticas e entender as situacións que provocan o contacto delinguas.

2. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como Propia de Galicia, así como as que condicionan o seu uso actualmente, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para o seu emprego en calquera contexto e situación.

3. Comprender discursos orais e escritos nas linguas galega e castelá nos diversos contextos da actividade sociocultural, persoal e académica; interpretalos cunha actitude crítica, aplicando a súa comprensión a novas situacións de aprendizaxe. Na lingua estranxeira, os textos estarán referidos a asuntos da vida cotiá, serán de estrutura sinxela e clara, e nunha variedade de lingua estándar e os textos orais serán articulados a unha velocidade lenta e con claridade, e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non esteadistorsionada.

4. Desenvolver, nas linguas galega e castelá, a capacidade de construír un discurso oral e escrito, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, de acordo coas diferentes situacións comunicativas, integrando os recursos expresivos lingüísticos e nonlingüísticos.

Na lingua estranxeira, os textos serán breves, referidos a asuntos da vida cotiá e, no caso da lingua oral, comunicaranse de forma comprensible, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos interlocutores para manter a comunicación.

5. Adquirir conceptos lingüísticos xerais, reflexionar sobre os elementos formais e mecanismos das linguas nos planos fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico etextual.

6. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre as linguas e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos, para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección, tanto en galego como en castelán, e para tomar consciencia dos propios sentimentos e ideas e favorecer o control da propiaconduta.

7. Adquirir as habilidades, actitudes e coñecementos necesarios que favorezan utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, valorar, seleccionar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información relacionada coa vida cotiá, académica elaboral.

8. Coñecer e empregar as normas que rexen o intercambio social das linguas e daquelas normas socioculturais que regulan a comunicación nos diferentes contextos, evitando estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

9. Desenvolver os coñecementos, hábitos, habilidades e actitudes que fan posible a lectura de textos literarios, en galego e en castelán, como fonte de pracer, de enriquecemento, de coñecemento do mundo e do patrimoniocultural.

10. Adquirir as habilidades, as actitudes e os coñecementos necesarios para unha interpretación crítica.

**Criterios deavaliación**

**Os criterios de avaliación do Módulo 3 son os seguintes:**

1. Identificar o tema, a idea principal e as secundarias de textos propios dos medios de comunicación e da publicidade, así como sintetizar o contido fundamental dunha exposición académicaoral.
2. Realizar exposicións orais sinxelas sobre temas de actualidade próximos á experiencia do alumnadoadulto.
3. Producir textos propios dos medios de comunicación (noticias, editoriais, entrevistas, crónicas, cartas ao director) e dos ámbitos social e académico.
4. Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para mellorar a comprensión dos propios textos e para compoñelos e revisalos de xeito progresivamente autónomo.
5. Utilizar os medios de comunicación para comprender e analizar o uso das dúas linguas na comunidade autónoma. Recoñecer as causas da diversidade lingüística e dos procesos sociolingüísticos.
6. Ler, escoitar ou ver con regularidade obras literarias ou adaptacións delas e desenvolver o criterio lector. Expoñer a opinión persoal sobre o lido ouvisionado.
7. Seleccionar e analizar criticamente a información relevante en textos orais e escritos en diferentes soportes, para usala nas producións propias, especialmente en traballos académico adecuados aonivel.
8. Realizar explicacións orais sinxelas sobre temas de actualidade próximos á experiencia do alumnado adulto con axuda dos medios audiovisuais e dasTIC.
9. Escribir textos propios da vida cotiá (normas e instrucións de uso, correos electrónicos, intervencións en chats...), textos propios das relacións sociais, dos medios de comunicación e do ámbito académico, tendo como referencia os modelos propostos na aula e expresando con claridade as propias opinións razoadas.
10. Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico, utilizando a terminoloxía lingüística axeitada, para mellorar a comprensión e para compoñer e revisar de xeito autónomo os propiostextos.
11. Utilizar a información que ofrecen as TIC para comprender e analizar o uso das linguas de Galicia.
12. Elaborar textos de intención estética a partir dos modelos lidos, comprendendo os recursos expresivos que se empreguen. Situar os autores relevantes e as súas obras no seu contexto histórico eliterario.
13. Coñecer a diversidade lingüística de España, analizando os factores que inciden na relación das linguas da nosa comunidade e reflexionando sobre a situación plurilingüe de Galicia.

**Os criterios de avaliación do Módulo 4 son os seguintes:**

1. Identificar os temas e a organización de textos tomados dos medios de comunicación (debates, faladoiros) e de situacións comunicativas simuladas (entrevistas detraballo...).
2. Planificar e realizar exposicións orais de traballos e de informacións de actualidade, contrastando os diferentes puntos de vista e as opinións expresadas en distintos medios audiovisuais.
3. Compoñer textos propios da vida cotiá, das relacións profesionais e sociais e do ámbito académico.
4. Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para mellorar a comprensión e para compoñer e revisar con autonomía os propiostextos.
5. Comprender e analizar o uso das dúas linguas da comunidade nos distintos documentos de tipo profesional e administrativo.
6. Utilizar os coñecementos literarios estudados para comprender mellor e valorar os fragmentos literarios ou as obraslidos.
7. Identificar o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios do ámbito académico.
8. Planificar e realizar exposicións orais de traballos e de informacións de actualidade. Diferenciar a información da opinión e da persuasión, e participar de forma construtiva en debates, traballos colaborativos, etc., respectando as regras correspondentes. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
9. Expoñer, resumir e comentar textos do ámbito académico, en soporte papel ou dixital, nun rexistro adecuado, con secuencias coherentes, respectando as normas gramaticais e ortográficas e utilizando a planificación e a revisión detextos.
10. Recoñecer os mecanismos gramaticais da lingua e coñecer e usar a terminoloxía lingüísticaadecuada.
11. Amosa, a través dun traballo persoal de síntese ou recreación, en soporte papel ou dixital, que se coñecen as relacións que hai entre os autores/as das obras lidas ou visionadas, e o seu contexto, expoñendo unha valoración persoal; valorar as innovacións dos xéneros e as formas na literatura contemporánea.

**Avaliación**

Con carácter xeral, na avaliación e no desenvolvemento dos procesos de avaliación nas ensinanzas de formación profesional básica observarase o establecido nos capítulos VIII, IX e X da Orde do 12 de xullo de 2011 e, enparticular:

a) A avaliación dos alumnos e as alumnas terá carácter continuo, formativo e integrador, permitirá orientar as súasaprendizaxes
b) A avaliación estará adaptada ás necesidades e á evolución doalumnado.

**Criterios específicos de cualificación:**

-Este apartado de Lingua e Literatura ten unha porcentaxe do 70% na cualificación final de Comunicación (o outro 30% corresponde a inglés).
-Para superar Comunicación hai que ter demostrado interese e traballo nos dous apartados (por exemplo: aínda que se teña un 7 en Linguas se non fai nada en Inglés, non se aprobará este ámbito).

A cualificación final terá en conta os seguintes aspectos:

- Traballo e esforzo diarios e actividades no caderno que deberá estar completo na súa totalidade para ter una avaliación positiva.(40%).
- Proba de lectura (10%)
- Probas escritas.(50%)

A avaliación será continua e personalizada tendo en conta as capacidades e o esforzo realizado por cada uno dos alumnos e alumnas. Esta avaliación realizarase consonte as disposicións legais vixentes. A nota final da materia será a media aritmética das avaliacións realizadas durante o curso. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación final igual ou superior a 5 puntos.

**Contidos educativos do Módulo 3 e o Módulo 4**

**MÓDULO III**

**UNIDADE 1: ANÁLISE DE TEXTOS**

Comunicación escrita:

- Galego: tipoloxía textual. Textos expositivos e argumentativos. Análise e redacción de textos.
- Castelán: o resumo. Ideas principais e secundarias.

Coñecemento da lingua:

- Galego: Orixe e formación do galego. Expresións latinas. Ortografía: acentuación; signos de puntuación
- Castelán: clases de palabras: substantivo, adxectivo.

Educación literaria:

- Galego: Xéneros literarios.
- Castelán: O comentario de texto.

Lingua e sociedade:

- Galego: Variedades lingüísticas.
- Castelán: plurilingüismo en España.

Comunicación oral:

- Galego: comunicación televisiva e radiofónica.

**UNIDADE 2: OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN I**

Comunicación escrita:

- Galego: Os medios de comunicación: prensa dixital.
- Castelán: Xéneros periodísticos. Partes dunha noticia.

Coñecemento da lingua:

- Galego:clases de palabras: substantivo, adxectivo. Sintaxe: oración simple: suxeito e predicado.
- Castelán: acentuación; clases de palabras: determinante, pronomes.

Educación literaria:

- Galego: literatura galega medieval.
- Castelán: A literatura castelá na Idade Media.

Lingua e sociedade:

- Galego: Funcións sociais das linguas. Bilingüismo e diglosia. Os prexuízos lingüísticos.
- Comunicación oral:
- Galego: A publicidade nos medios de comunicación.

**UNIDADE 3: OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN II**

Comunicación escrita:

- Castelán: O xénero de opinión.A columna periodística e as cartas ao director.

Coñecemento da lingua:

- Galego: Revisión da ortografía: b/v, h.Morfoloxía: palabras simples, derivadas e compostas.
- Castelán: Revisión: Acentuación II; ortografía: b/v, h, c/z. Clasificación das oracións.

Educación literaria:

- Galego: Os séculos escuros.
- Castelán: O Renacemento e o Barroco.

Lingua e sociedade:

- Galego: O portugués e os países da lusofonía.

Comunicación oral:

- Galego: as redes sociais.

**UNIDADE 4: EMPREGO DAS TIC**

Comunicación escrita:

- Galego: recursos na rede (dicionarios, enciclopedias...).
- Castelán: Textos persoais. A carta e o correo electrónico.

Coñecemento da lingua:

- Galego: Revisión da ortografía: A grafía nh. Exercicios de repaso de ortografía e gramática.
- Castelán: Uso do "g", "r/rr", x. Repaso de ortografía e gramática.

Educación literaria:

- Galego: O Rexurdimento.
- Castelán: Transformacións literarias do século XVIII. O século XIX.

Lingua e sociedade:

- Castelán: Buscas na rede.
- Galego: historia social do galego ata 1916

Comunicación oral:

- Castelán: A exposición oral. O guión (ideas principais e secundarias). Uso das TIC nas exposicións orais.

**MÓDULO IV**

**UNIDADE 5: A COMUNICACIÓN PROFESIONAL**

Comunicación escrita:

- Galego: Textos administrativos, lexislativos e xurídicos: instancia, recurso, reclamación, acta.
- Castelán: O currículum vitae.

Coñecemento da lingua:

- Galego: sintaxe: oración simple, suxeito e predicado, tipos de sintagmas.
- Castelán: o verbo.

Educación literaria:

- Galego: Literatura galega do século XX: literatura de preguerra.
- Castelán: Literatura española do século XX: a literatura antes da guerra civil

Lingua e sociedade:

- Galego: Variedades sociais da lingua: rexistros.

Comunicación oral:

- Galego: Observación e valoración de textos de comunicación oral.
- Castelán: a entrevista de traballo.

**UNIDADE 6: A LINGUA COMO INSTRUMENTO DE APRENDIZAXE (I)**

Comunicación escrita:

- Galego: Técnicas de estudo e traballo intelectual:subliñado, esquemas, guións, fichas temáticas e resumos. Autoavaliación e autocorrección.
- Castelán: A carta persoal e profesional.

Coñecemento da lingua:

- Galego: Relacións semánticas: sinonimia, antonimia, homonimia, polisemia ; campo semántico e familia léxica. Repaso de ortografía (h).
- Castelán: Revisión: Hipónimos e hiperónimos. – Repaso de ortografía. – A perífrase verbal.

Educación literaria:

- Galego: literatura galega do século XX: de 1936 a 1976
- Castelán: literatura española do século XX desde a guerra civil a 1975

Lingua e sociedade:

- Galego: A situación lingüística en Galicia.
- Castelán: Situación sociolingüística das restantes comunidades bilingües do Estado.

**UNIDADE 7: A LINGUA COMO INSTRUMENTO DE APRENDIZAXE (II)**

Comunicación escrita:

- Galego: Técnicas de redacción de textos. – A cohesión gramatical.
- Castelán: elaboración de textos literarios.

Coñecemento da lingua:

- Galego:Adverbio, preposición e conxunción. As funcións sintácticas
- Castelán:. Grupos consonánticos. Palabras e expresións homófonas.

Educación literaria:

- Galego: literatura galega do século XX: de 1976 á actualidade
- Castelán: Literatura española do século XX: de 1975 á actualidade

Lingua e sociedade:

- Historia social do galego dende 1916

Comunicación oral:

- Galego: A literatura galega e o cine.
- Castelán: A literatura española e o cine.

**UNIDADE 8: A LINGUA COMO INSTRUMENTO DEAPRENDIZAXE (II)**

Comunicación escrita:

- Galego: Redacción de textos non literarios.
- Castelán: Elaboración de textos literarios.

Coñecemento da lingua:

- Galego: Repaso de gramática e sintaxe. Grupos consonánticos e palabras homófonas.
- Castelán: Repaso de gramática e sintaxe. Repaso de ortografía.

Educación literaria:

- Galego: Literatura lusófona actual.
- Castelán: Literatura hispanoamericana do século XX.

Comunicación oral:

- Galego/castelán: proxecto audiovisual de fin de etapa.

## 17. SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRAPORTUGUÉS. 3º ESO

### Introdución

Este curso 2020-2021 formáronse grupos de 1º ESO (1 grupo), 2º ESO (1 grupo) e 3º ESO (1 grupo). En todos os casos, para o alumnado é o primeiro ano que van estudar portugués (o curso pasado só había un grupo de portugués en 3º ESO), polo que a programación faise tendo en conta o establecido no currículo oficial para 1º ESO.

O alumnado galego que escolle a materia de 2ª lingua estranxeira, portugués, case trae incorporados os coñecementos que se piden nun nivel elemental segundo o MCERL. É capaz de comprender expresións familiares e cotiás, así como enunciados moi simples desde o primeiro día e cunhas pequenas indicacións xa se presentan e comunican de modo simple.

Así os estándares de aprendizaxe establecidos para 1º ESO alcánzaos a maioría do alumnado antes de mediados de curso. Mais como se comeza con todos os niveis este ano por primeira vez, vanse establecer os estándares de 1º en todos os cursos, pero vanse ir engadindo outros propios de 2º, e mesmo de 3º ESO, a medida que avanza o curso e se sobe de nivel educativo.

Imos traballar con material específico para alumnado galego que se achega por primeira vez ao estudo do portugués "Português no ensino secundário". Vaise empregar ese material nunha aula virtual na que se van ir poñendo a disposición do alumnado as diferentes unidades e na cal o alumnado tamén poderá facer entrega das súas producións orais e escritas.

### Contidos, estándares de aprendizaxe e competenciasbásicas

Os contidos curriculares que se desenvolven neste curso correspóndense, de maneira xeral, cos do 1º curso da ESO, atendendo a todos os bloques. De igual xeito, fóronse introducindo no deseño das diferentes actividades os estándares de aprendizaxe correspondentes a este curso, así como boa parte dos criterios de avaliación.

Os bloques 1 e 2 referidos á comprensión e produción de textos orais, os bloques 3 e 4 referidos á comprensión e produción de textos escritos teñen que estar á forza interrelacionados coa parte do bloque 5 que se refire ao coñecemento da lingua, sobre todo nos apartados 1 (que recolle todo o referido aos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos); 2 (Patróns gráficos e convencións ortográficas); 5 (Funcións comunicativas); 6 (léxico oral e escrito) e por último o 7 no que se indican especificamente as estruturas sintáctico-discursivas propias do portugués. O apartado 4 do bloque 5, sobre todo no punto que se denomina "Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa

aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada" está sempre pairando sobre cada un dostemas.

Finalmente, o apartado 3 do devandito bloque 5 "Aspectos socioculturais e sociolingüísticos" está case por completo integrado dentro da unidade 4 no que se refire ao achegamento "algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas", aínda que nas diferentes unidades tamén se vai atendendo a "condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais...". Taménse dá conta nas diferentes unidades do "Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na culturaestranxeira."

Ademais das competencias lingüísticas e de aprender a aprender, dedícase un apartado á competencia de conciencia e expresións culturais e a competencia social e cidadá coa descuberta, por un lado do coñecemento dalgunhas cidades e rexións portuguesas e lusófonas e polo outro de expresións musicais, xa que en todos os temas de todas as unidades se inclúen música de autores e autoras dalusofonía.

**Presentamos os contidos do curso distribuídos nas unidades didácticas 1 a 4**

| Unidade Didáctica | Identificación do contido (*) | Contido |
|---|---|---|
| 1 | B1.1<br>B1.2<br>B1.3<br>B1.4 | **Estratexias de comprensión (para desenvolverse na escola e na familia):**<br>- Uso do contexto verbal e non verbal que dan lugar a inferencias do significado baseadas nocontexto.<br>- Identificación de palabrasclave<br>- Inferencia do significadoprobable<br>Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa<br>Perseveranza no logro da comprensión oral<br>**Memorización de expresións orais breves significativas**<br>- Saúdos edespedidas<br>- Consignas deaula<br>- A idade e aorixe<br>- Horarios |

| | | |
|---|---|---|
| | B2.<br>1<br>B2.<br>2<br>B2.<br>3 | **Estratexias de produción (para presentacións, saúdos, despedidas):**<br>-Planificación: Identificación do contexto (escolar ou familiar), o destinatario (profesorado, colegas, amizades, familia máis ou menos próxima) e a finalidade da produción ou da interacción. Adecuación do texto ao destinatario, aocontexto e ácanle<br>-Execución: Realización dun texto oral coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais. |
| | | **Rutinas ou modelos elementais de interacción** segundo o tipo de situación de<br>comunicación cotiá e básica (Interacción básica diaria nocentrodocente e expresións orais breves na sala de aula). |
| | B3.<br>1<br>B3.<br>2 | **Estratexias de comprensión (horarios, rutinas...)**:<br>- Mobilización de información previa a partir de informaciónsuperficial.<br>- Formulación de hipóteses sobre contido econtexto.<br>- Identificación do contextocomunicativo.<br><br>**Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado (alfabeto)** |
| | B4.1 | **Estratexias de produción:**<br>-Planificación: localización e uso adecuado de recursos lingüísticos, uso de modelos sinxelos de textos<br>-Execución: elaboración de borrador, estrutración do contido,organización, expresión con claridade segundo o tipo de texto<br>- Revisión: atención ás convención ortográficas e aos signos de puntuación, presentación coidade do texto, reescritura definitiva. |
| | B5.1<br>B5.2<br>B5.3<br>B5.4<br>B5.5<br>B5.6<br>B5.7 | **Patróns sonoros:**<br>- Sons e fonemas vocálicos (vogais orais e nasais)<br>-sons e fonemas consonánticos [b]/[v]/[f]<br>**Patróns gráficos: o alfabeto**<br>**Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:** convencións sociais básicas e normas de cortesía.<br>- Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios...<br>- Relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares)<br>Plurilingüismo: Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que<br>coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa<br>integrada.<br>**Funcións comunicativas:**<br>- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa<br>idade. |

| | | |
|---|---|---|
| | | - Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.<br>- Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.<br>**Léxico oral e escrito** básico de uso común relativo á identificación persoal elemental, actividades básicas da vida diaria; escola, educación e estudo, familia<br>e amizades, días da semana e meses.<br>Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais.<br>**Estruturas sintáctico-discursivas:**<br>- Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas)<br>- Negación (sentenzas declarativas negativas con não, nunca).<br>- Expresión da cantidade (singular/plural; numerais cardinais (1-30)).<br>- Relacións temporais (antes, agora, depois).<br>- Expresión do tempo: Presente (verbos regulares e verbos irregulares: ser, ter,<br>estar) |
| | | - Pronomes (persoais)tónicos<br>- Artigos e contraccións do artigo coaspreposcións<br>- Posesivos<br>- Expresión do tempo divisións ( días, meses)<br>- Expresión do aspecto durativo (estar a + Inf.). |
| 2 | B1.<br>1<br>B1.<br>2<br>B1.<br>3<br>B1.<br>4 | **Estratexias de comprensión (para entenderse en tendas de alimentación, roupa. ..)**:<br>- Uso do contexto verbal e non verbal que dan lugar a inferencias do significado baseadas nocontexto.<br>- Identificación de palabrasclave.<br>- Inferencia do significadoprobable<br>Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. Perseveranza no logro da comprensión oral |
| | B2.<br>1<br>B2.<br>2<br>B2.<br>3 | **Estratexias de produción (para compravenda**):<br>-Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores.<br>-Execución: Realización dun texto oral coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais<br>**Rutinas ou modelos elementais de interacción** segundo o tipo de situación de comunicación cotiá e básica (Interacción nas tendas de roupa e de alimentación, pedir produtos, preguntar por prezos...). |

| | | |
|---|---|---|
| | B3.<br>1<br>B3.<br>2 | **Estratexias de comprensión:**<br>- Mobilización de información previa a partir de informaciónsuperficial.<br>- Formulación de hipóteses sobre contido econtexto.<br>- Identificación do contextocomunicativo.<br>Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado |
| | B4.1 | Estratexias de produción:<br>-Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores.<br>-Execución: Realización dun texto escrito coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais. |
| | B5 | **Patróns sonoros**, acentuais, rítmicos e de entoación:<br>- Sons e fonemas vocálicos (vogais nasais)<br>- Sons e fonema consonánticos (sibilantes). **Patróns gráficos:** Ortografia das sibilantes **Aspectos socioculturais esociolingüísticos:**<br>- Condicións de vida elementais (vivenda, vestiario, alimentación...) **Plurilingüismo:** Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. |
| | | **Funcións comunicativas**:<br>- Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas depersoas<br>- Descrición de obxectos, lugares eactividades.<br>- Narración de acontecementos e descrición de estados e situaciónspresentes<br>- Expresión moi básica de sucesosfuturos.<br>**Léxico oral e escrito** básico de uso común relativo á vivenda, roupa, cores, alimentos...<br>**Estruturas sintáctico-discursivas:**<br>- Expresión do tempo: presente (verbos irregulares e con ortografia irregular) e futuro<br>- Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directasQU-<br>- Comparación (mais/menos/ tão + Adj./Adv.+ (do) que/ como /quanto; maior / maispequeno...).<br>- Demostrativos<br>- Expresión da cantidade (numerais cardinais (40 a 200) e numeraisordinais)<br>- Expresión do tempo (expresións, preposicións e locucións de tempo |

| | | |
|---|---|---|
| | | (momento puntual (p. ex. em1999) |
| 3 | B1.<br>1<br>B1.<br>2<br>B1.<br>3<br>B1.<br>4 | **Estratexias de comprensión (información do tempo, entender a profesionais da saúde e da restauración):**<br>- Uso do contexto verbal e non verbal que dan lugar a inferencias do significado baseadas nocontexto.<br>- Identificación de palabrasclave.<br>- Inferencia do significadoprobable<br>Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. Perseveranza no logro da comprensión oral<br>**Memorización de expresións orais breves significativas** (en cafés e restaurantes) |
| | B2.<br>1<br>B2.<br>2<br>B2.<br>3 | **Estratexias de produción**:<br>- Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo osinterlocutores.<br>- Execución: Realización dun texto oral coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ouparatextuais.<br>**Rutinas ou modelos elementais de interacción** segundo o tipo de situación de comunicación cotiá e básica (Conversas telefónicas, interaccións en cafés, bares, restaurantes; comprar billetes para medios de transporte). |

| | | |
|---|---|---|
| | B3.<br>1<br>B3.<br>2 | **Estratexias de comprensión para Medios de transporte, Restaurantes e cafés, Lecer, Saúde, Tempo** meteorolóxico. Comprender os menús, información meteorolóxica, diagnósticos...:<br>- Mobilización de información previa a partir de informaciónsuperficial.<br>- Formulación de hipóteses sobre contido econtexto.<br>- Identificación do contextocomunicativo. |
| | | Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado (terminación -em, j eg) |
| | B4.1 | **Estratexias de produción (convidar, aceptar e rexeitar):**<br>-Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores.<br>-Execución: Realización dun texto escrito coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais. |

| | | |
|---|---|---|
| | B5.<br>1<br>B5.<br>2<br>B5.<br>3<br>B5.<br>4<br>B5.<br>5<br>B5.<br>6<br>B5.<br>7 | **Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e patróns gráficos** arredor de:<br>- os ditongos nasais(ejm)<br>- consoantes j-g+e,i,x<br>**Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:**<br>- Lugares máishabituais<br>- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países da lusofonía e onoso.<br>- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente ápropia.<br>**Funcións comunicativas:**<br>- Petición e ofrecemento de información eindicacións<br>- Expresión moi sinxela de opinións eadvertencias.<br>- Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e aprohibición.<br>- Comunicar con médicos edentistas<br>- Interacción en restaurantes<br>- Dar instrucións, consellos e ordes<br>**Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:**<br>- Tempo libre, lecer edeporte<br>- Vacacións, aloxamento etransportes<br>- Alimentación erestauración<br>- Saúde máis básica e coidados físicoselementais<br>- Profesións eemprego<br>**Estruturas sintáctico-discursivas:**<br>**-** Expresión de permiso (poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.)<br>- Expresión de obrigación (ter que/de + Inf.; dever+ Inf., Imperativo) e necesidade (Precisar de...)<br>- Expresión de intención e desexo (querer + Inf.,condicional)<br>- Expresión do tempo presente dos verbos irregulares saír, pasear,odiar<br>- Expresión do tempo pasado (pretérito imperfeito, pretérito perfeitosimples)<br>- Indefinidos<br>- Locuciónsprepositivas<br>- Pronomes persoaisátonos |
| 4 | B.5 | **Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:**<br>-Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis |

| | | |
|---|---|---|
| | | significativas nos costumes cotiáns entre os países da lusofonía e o noso.<br>-Costumes, valores e actitudes<br>**Festividades:**<br>São Martinho Natal Carnaval Páscoa<br>Santo António de Lisboa Sãso João do Porto Queima das fitas<br>**Datas sinaladas en Portugal**:<br>Día da Violéncia contra as mulleres (25 de novembro) Día da Lingua Portuguesa (6 de maio en Portugal)<br>Día de Camões e as comunidades lusófonas (10 de xuño) 25 de abril. Revolução dos Cravos |

**Criterios de avaliación**

**Bloque 1. Comprensión de textos orais**

B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.
B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.
B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moitaclaridade.
B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara ecomprensible.

**Bloque 2. Produción de textos orais**

B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.

B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.
B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertoriobásico

de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.
B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estesdatos.

**Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.
B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.
B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.
B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.

**Bloque 4. Produción de textos escritos**

B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.
B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.
B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.
B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

**Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe**

B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facerentender.

B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.
B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.
B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.
B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.

B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ouculturais.

## 1. Concreción de mínimos esixibles

Os contidos mínimos distribuídos por bloques quedarían do seguinte xeito:

## 2. Comprensión de textos orais

-Comprende:
· preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais oueducativos.
·frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.), e segue instrucións e consignas de aula.
·o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet.
·a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares.
-Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala.

## 3. Produción de textos orais

-Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas
-Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.
-Fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre.

-Desenvólvese en situacións moi habituais, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns.

-Participa en conversas informais breves e moi básicas: intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.

-Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles.

-Utiliza as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións.

**4. Comprensión de textos escritos**

-Comprende:

-textos adaptados relativos a temas do seu interese.

-avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas de estrutura moi sinxela, se contan con apoio visual.

-información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve.

-Localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos, próximos á súa idade e á súa experiencia.

**5. Produción de textos escritos**

-Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.

- Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica.

-Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.

-Escribe correspondencia breve e sinxela, a partir dun modelo (tanto de forma manuscrita como en formato dixital).

**6. Coñecemento da lingua e concienciaintercultural**

-Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e bastantes trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras efrases.

-Utiliza –con axuda do profesorado- as convencións orais e escritas básicas (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.

-Nas actividades de aula, fai hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

-Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

-Comprende o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula.

## 7. Criterios de cualificación

O alumnado será cualificado en base aos criterios de avaliación que dita a lexislación e que se concretarán en diferentes instrumentos de cualificación deseñados para cada bloque de contidos e que se especifican abaixo, pero que se resumen en, por un lado Probas escritas e orais (nas que o alumnado vai ter que demostrar as súas destrezas a nivel de expresión e comprensión, así como o coñecemento plurilingüe que posúa) e, por outro lado, o traballo diario na aula no que se avaliarán tamén destrezas sobre todo de expresión e comprensión, pero ademais, aqueles estándares menos lingüísticos.

Tanto un instrumento coma o outro vanse concretar para cada bloque de contidos, estes van ter un peso porcentual ponderado, existindo unha diferenza grande no último deles debido a que os seus contidos avalíanse maioritariamente dentro dos outros bloques, especialmente dos de Produción de textos orais e de Produción de textos escritos. A ponderación queda do seguintexeito:

Comprensión de textos orais: 20% Produción de textos orais: 30% Comprensión de textos escritos: 20% Produción de textos escritos: 25%

Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe: 5%

Déuselle un peso maior á produción de textos orais debido a que vai ser a proba fundamental para avaliar esta parte, xa que, por un lado, no exame vai ocupar unha parte menor ca o resto e, pola outra, é aquela destreza que é máis difícil de acadar para o alumnado galego que tende a fosilizarse no avance da lingua ao non esforzarse na pronuncia e no sotaque portugués.

No tocante ao bloque 5 denominado: "Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe" queda reducido á 2ª parte, xa que todo o que ten que ver con coñecemento da lingua (fonética, respecto polas convencións orais e escritas, contidos sintáctico-discursivos), vaise avaliar dentro dos outros bloques, principalmente na produción de textos orais e na produción de textos escritos.

ADDENDA

Debido á situación provocada pola pandemia mundial que estamos a sufrir, a programación anual debe recoller 2 aspectos importantes a ter en conta este curso 20/21, un herdado do curso pasado, e outro en previsión do que poida acontecer este no que estamos inmersos.

Con respecto ao curso pasado, e tendo en conta que durante todo o terceiro trimestre non houbo clases presenciais, hai que destacar que non foi posible completar a explicación de todos os contidos do curso. É por iso que, tras reunión mantida cos membros do Departamento a principios de curso, decidiuse intentar solventar este inconveniente recalcando e parándose máis ao chegar a esese contidos nos cursos posteriores; isto é posible na nosa materia por ser de contidos progresivos.
Así, a continuación desenvolveranse curso por curso os aspectos que quedaron incompletos o ano pasado e que, consecuentemente, deben ser especialmente desenvueltos no curso seguinte. Estes son:

**1º ESO**

-Identificación e diferenciación de texto e oración.
-Coñecemento das peculiaridades da lingua literaria culta e popular.
-Identificación de palabras homófonas.
-Aplicación das normas de puntuación.
-Identificación e análise de textos poéticos e dramáticos.
-Coñecemento e comprensión da situación do idioma galego como lingua propia de Galicia, así como as súas orixes e a súa historia.
-Tratouse insuficientemente o coñecemento e conxugación de verbos.
-Identificación de distintos tipos de oración.

**2º ESO**

-Cinema (os xéneros e a linguaxe cinematográfica).A oración simple: o complemento predicativo, de réxime e circunstancial. A formación de palabras: a composición e a parasíntese. A familia de palabras.

-A lírica (cómputo, medida dos versos, rima e recursos). Clases de oracións. O punto, a coma, o punto e coma. Os prefixos e os sufixos.

-O teatro (características e subxéneros). As propiedades do texto: a coherencia, a cohesión e a adecuación. Signos de puntuación(II): os dous puntos, a raia e as comiñas. Os conectores ou marcadores do discurso.

-A literatura de transmisión oral.A normalización lingüística: a lusofonía. Signos de puntuación(III): os signos de interrogación e de exclamación. A barra. As frases feitas e os refráns.

**3º ESO**

Quedaron sen dar os temas 9 a 12, e parte do 8, que abranguerían as seguintes cuestión:

-Identificación, clasificación e uso correcto de perífrases, adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións.

-Recoñecemento das características fundamentais, obras e autores do S. XIX da literatura galega.

-Identificación, clasificación e caracterización de textos argumentativos e expositivos.

**4º ESO**

-Recoñecemento e uso do infinitivo conxugado e das perífrases verbais.

-Adverbios, preposicións e conxuncións.

-Relacións e cambios semánticos.

-A narrativa, poesía e teatro actuais.

**1º BACHARELATO**

-Recoñecemento e uso do infinitivo conxugado e das perífrases verbais.

-Adverbios, preposicións e conxuncións.

-Análise da situación da lingua e da literatura no século XIX, en especial do Rexurdimento.
-Comentario de textos.

**SEGUIMENTO DA MATERIA EN CASO DE CONFINAMENTO**

**1º e 2º ESO:**

Seguirase o programa Edixgal, que poderá complementarse coa Aula Virtual de considerarse necesario.
Crearase un Foro de novas no que se irán dando periodicamente as instrucións necesarias para o seguimento do curso.
Uso da ferramenta Cisco Webex Meetings para quen o considere precise.
Poderase proporcionar unha dirección de correo electrónico ao alumnado para unha comunicación directa co/a docente.

**3º e 4º ESO:**

Uso da Aula Virtual como sistema preferente de comunicación e intercambio de comunicación.
Crearase un Foro de Novas no que se incluirá a información imprescindible para o seguimento do curso.
Uso da ferramenta Cisco Webex Meetings para quen o considere precise.
Poderase proporcionar unha dirección de correo electrónico ao alumnado para unha comunicación directa co/a docente.

**BACHARELATO**:

Extenderíase a todo o alumnado o que se está facendo agora cunha cuarta parte semanalmente, debido á semipresencialidade á que obrigou a situación actual.

Uso da Aula Virtual como sistema preferente de comunicación e intercambio de comunicación.
Crearase un Foro de Novas no que se incluirá a información imprescindible para o seguimento do curso.
Uso da ferramenta Cisco Webex Meetings para quen o considere precise.
Poderase proporcionar unha dirección de correo electrónico ao alumnado para unha comunicación directa co/a docente.

**ENSINO DE ADULTOS (ESA E BACHARELATO)**

Aplicarase o mesmo que no ensino de Bacharelato de diúrno.

## AVALIACIÓN EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL

Valorarase:
-Seguimento regular da actividade da materia a través da Aula Virtual.
-Cumprimento persoal das tarefas propostas.
-Grao de corrección das tarefas realizadas.
-Probas de avaliación, en caso de poder realizarse.

Ata aquí sería común para todo o ensino.

Cualificación:

Cualificación:
-Valoración dos conceptos 1,2 e3: 40% na ESO e ESA. 20% no Bacharelato.
-Cualificación dos exames presenciais ou probas telemáticas: 60% na ESO . 80% no Bacharelato.